Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/40	GOB18I00MB	
260J 261X 126B 6N4N 01IF		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O TRINTA DE MAIO DE DOS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:
D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:
TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN
TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA
TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN
PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - ULLA ROCHA, JORGE
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA

SRA. INTERVENTORA XERAL:
D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

SR. SECRETARIO XERAL:
D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do trinta de maio de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa-presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (13-05-2024 E 25-04-2024)

Dada conta das actas das sesións anteriores, o Concello Pleno, por unanimidade deulles a súa aprobación.

2 º.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 22-05-2024 NA QUE SE ACORDA RECTIFICAR UN ERRO MATERIAL DO ACORDO PLENARIO DE DATA 25-02-2024 RELATIVO AO "POS+2024".. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Pleno deste Concello, na sesión realizada o día 25 de xaneiro de 2024, acordou aprobar a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024" da Deputación Provincial da Coruña.

Remitida a documentación á entidade provincial esta remite, con data 11 de marzo de 2024, un requirimento de emenda, toda vez que o dito acordo contén un erro material; concretamente, no importe da achega da Deputación correspondente á anualidade 2023 do cadro resumo.

De acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas "As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Motivo polo que con data 22 de abril de 2024 a Alcaldía-Presidencia deste Concello acordou rectificar o acordo plenario de data 25 de xaneiro de 2024, así como dar conta ao Pleno e á Deputación Provincial da Coruña.

Polo anteriormente exposto, e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 23-05-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a aprobación da seguinte

P R O P O S T A

Ratificar a resolución da Alcaldía de data 22 de abril de 2024, na que se acorda rectificar o acordo plenario deste Concello de data 25 de xaneiro de 2024, de forma que:

Onde di:

D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	605.379,79 €				605.379,79 €
	Achega 2023 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024					
	Achega 2023	**479.478,20 €**	13.445,91 €	-	13.445,91 €	482.924,11 €
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA CO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024					
	Achega 2023					

D- TOTAL	Achega 2024	605.379,79 €				605.379,79 €
	Achega 2023	**479.478,20 €**	13.445,91 €	-	13.445,91 €	482.924,11 €
	TOTAL	1.074.857,99 €	13.445,91 €	-	13.445,91 €	1.088.303,90 €

Debe dicir:

D) Resumo:

			Concello			
POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	605.379,79 €				605.379,79 €
	Achega 2023 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024					
	Achega 2023	**469.478,20 €**	13.445,91 €	-	13.445,91 €	482.924,11 €
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA CO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024					
	Achega 2023					
D- TOTAL	Achega 2024	605.379,79 €				605.379,79 €
	Achega 2023	**469.478,20 €**	13.445,91 €	-	13.445,91 €	482.924,11 €
	TOTAL	1.074.857,99 €	13.445,91 €	-	13.445,91 €	1.088.303,90 €

<u>VOTACIÓN E ACORDO.-</u> O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

<u>3 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 02/2024</u> . -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación incorporada ao expediente PRE/2024/18, polo que se tramita o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 02/2024.

Despois de ver os informes dos distintos departamentos xestores de gastos, que quedan incorporados a este expediente.

Despois de ver o informe proposta do técnico de xestión do Servizo de Intervención do 14/05/2024 (PRE18I0055).

O principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ao orzamento de cada ano os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos ou ingresos feitos dentro do mesmo exercicio orzamentario, tal como establecen os artigos 162 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e os artigos 24 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do título Sexto do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O artigo 26 do Real decreto 500/1990 que regula a temporalidade dos créditos, establece unha excepción ao principio de anualidade, permitindo aplicar aos créditos do orzamento vixente, no intre do seu recoñecemento, as obrigas derivadas de exercicios anteriores.

Despois de ver o informe da Intervención municipal do 14/05/2024 (PRE18I0056), no que se fiscaliza de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a aprobación das facturas polos motivos que se especifican no dito informe.

Considerando que a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa "teoría do enriquecemento inxusto", en virtude da cal *"no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades"* (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido, pois ao quedar acreditado debidamente as efectivas prestacións realizadas, xa que as facturas están debidamente conformadas, non pode obviar o pagamento das prestacións recibidas.

E visto o ditame favorable por maioría (cos tres votos en contra dos membros do PP; as abstencións de BNG -2- e PSdeG-PSOE -1 ; e os cinco votos a favor dos representantes de Tega) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 23-05-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a aprobación dos acordos seguintes:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da relación de facturas relativos a gastos realizados nos exercicios 2022 e 2023 e non aplicados ao orzamento, que ascende á cantidade total de 151.719,99 euros, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias segundo o seguinte detalle:

Nº FACTURA	DATA	TERCEIRO	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN RC/AD	Nº REX.CONTABLE OPA
EMIT-2023- 340	30/10/2023	PROYFE S.L. B15077233	EXP REC/02/2024 ASIST TECNIC ACTUALIZACION PREZOS/NORMATIVA PROXECTO OBRA AREA PARQUE FLUVIAL RIO FREIXEIRO-PARQUE XOGOS	495,00 €	220240006361	F/2023/5889 220230030044
A 36	29/12/2023	OFIMAY EVENTOS S.L. B70571765	EXP REC/02/2024 EMC/04-IR/02/2024-TUR/23/2023.INSTALACION POBOADOS NADAL 2023/24.DO:20 A 28/12/2023. ALUGUER MONTAXE CAS	11.999,99 €	220230026605	F/2023/7565 220230030531
EMIT-2023- 443	29/12/2023	PROYFE S.L. B15077233	EXP REC/02/2024 ESTUDIO TECNICO-ECONOMICO UNIFICACION MESMO EMPRAZAMENTO SERVIZOS DE POLICIA MUNICIPAL-SPEIS-MANTEMENTO	5.566,00 €	220240006361	F/2023/7569 220230030532
Emit- 119	29/12/2023	BIGLAB SL B36892404	EXP REC/02/2024 EMC/04-IR/02/2024-ECO/4/2023.DINAMIZACION/PROMOCION DA PAXINA BUSINESS NARON A TRAVES REDES SOCIAIS	13.394,70 €	220230003709	F/2023/7571 220230030533
A 1198	30/12/2023	TOTAL EVENTI 2015 S.L. B70196217	EXP REC/02/2024 MC04-IR/02/2024-ECO/29/23. CAMPAÑA MARKETING PUBLICIDAD PROMOC COMERCIO LOCAL NARON-NADAL.01-30/12/2023	14.665,20 €	220230021256	F/2023/7573 220230030535

Nº FACTURA	DATA	TERCEIRO	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN RC/AD	Nº REX.CONTABLE OPA
0E46557M	31/12/2023	ASCENSORES ENOR, S.L. B36650992	EXP REC/02/2024. SERVIZO MANTEMENTO APARATOS ELEVADORES/ASCENSOR PAVILLON DA GANDARA-PISCINA. 4º TRIMESTRE/2023	161,35 €	220240006361	F/2024/4 220240006363
113 2023	23/12/2023	GND MUSIC SC J10680965	EXP REC/02/2024 EMC/04-IR/02/2024-FES/21/2023. ACTUACION LA FUGA EN FESTIVAL ROCK NARON O DIA 23/12/2023	16.940,00 €	220230021630	F/2024/59 220240006364
2024 005	10/01/2024	INYCIA INGENIEROS SL B70132543	EXP REC/02/2024-MC/04-IR/02/2024.DIRECCION OBRA COORDINAC SEGURIDADE SAUDE PARQUE FLUVIAL XUVIA. FASE 1-CERT 2 - XULLO/23	4.080,73 €	220230008382	F/2024/262 220240006365
2023/3639	31/12/2023	SOGAMA S.A. A15379803	EXP REC/02/2024 XESTION E TRATAMENTO RSU RESIDUOS SOLIDOS URBANOS. DECEMBRO/2023	68.714,09 €	220240000130	F/2024/286 220240006366
23 00778	28/12/2023	CANARGA, SL B15360902	EXP REC/02/2024-MC/04-IR/02/2024.REPOSICION URXENTE ESTRADAS MUNICIPAIS DOSO-OS TORTOS.27-28/12/2023.PAVIMENT AGLOMER Q	4.996,60 €	220230026656	F/2024/499 220240006367
_ 8830196930	30/04/2022	GALP ENERGIA ESPAÑA S.A.U. A28559573	EXP REC/02/2024 SUMINIST COMBUSTIBLE GASOLEO/GASOLINA VEHICULOS POLICIA.ABRIL/2022.0308LWD /2952CYX/3437GHZ/ 4775GYX/533	1.282,24 €	220240006361	F/2024/1476 220240006368
2024/G 000054	29/02/2024	HIDROCARBUROS DEL NORTE, S.L. B15043441	EXP REC/02/2024 SUMINISTRO COMBUSTIBLE GASOLEO VEHICULO POLICIA. 13/DECEMBRO/2023. 4775GYX	68,01 €	220240006361	F/2024/1545 220240006369
T-001	11/03/2024	CLUB DE GOLF CAMPOMAR G15071087	EXP REC/02/2024. ARBITRAXE XVI TORNEO CIDADE DE NARON DE GOLF. DATA CELEBRACION: 30/DECEMBRO/2023	803,00 €	220240006361	F/2024/1706 220240006370
FG24 36	29/02/2024	GONNABA CONSTRUCCIONES Y REFORMAS S.L.L. B70285085	EXP REC/02/2024.LIMPEZA URXENTE CUNETAS VIAS MUNICIP.DO 27 A 29/12/2023.SAN XIAO/CARBALLO/VACARIZA/CATASOL/ CMO FONTES	5.995,74 €	220240006361	F/2024/1993 220240006371
AE 5417	09/06/2023	ASCENSORES ENOR, S.L. B36650992	EXP REC/02/2024 REF EQUIPO EDIFICIO PISCINA CRTA DA GANDARA. 1LIBRO DE VISITAS-REXISTRO-PAGO TAXAS OFICIAIS. 22/05/2023	58,69 €	220240006361	F/2024/2029 220240006372
1100 08	01/04/2024	GONZALEZ SOMOZA, VALERIO *********	EXP REC/02/2024-MC/04-IR/02/24-CON/102/23.CREACION WEB FUNCIONAMENTO OFICINA TRANSFORMACION COMUNITARIA-OTC. 29/12/2023	2.498,65 €	220230028809	F/2024/2073 220240006373

SEGUNDO. Así como tamén a aprobación da seguinte factura de abono, que ascende á cantidade de 724,47 euros:

Nº FRA	DATA	TERCEIRO	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN RC	Nº REX. CONTABLE

Nº FRA	DATA	TERCEIRO	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN RC	Nº REX. CONTABLE
V-ABONO24 2024/AB0005	11/03/2024	SOGAMA S.A. A15379803	XESTION E TRATAMENTO RSU RESIDUOS SOLIDOS URBANOS. DECEMBRO/2023. BONIFICACIÓN CONCELLO NARÓN. ESTA FRA RECTIFICA PARCIALMENTE A 2023/3639 POR DIFERENCA TM. FACTURADA	-724,47 €	1623 22700 220240000130	A/2024/59

O importe desta factura de abono deducirase do importe correspondente da seguinte factura:

Nº FRA	DATA	TERCEIRO	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL	APLICACIÓN / RC	Nº REX.CONTABLE OPA
2023/3639	31/12/2023	SOGAMA S.A. A15379803	EXP REC/02/2024 XESTION E TRATAMENTO RSU RESIDUOS SOLIDOS URBANOS. DECEMBRO/2023	68.714,09 €	1623 22700 220240000130	F/2024/286 220240006366

DEBATE

-Sr.Romero Franco: boas tardes a todas e a todos. Moitas grazas Sra.alcaldesa.
Traemos este recoñecemento, seguramente como todos xa sabedes xa, é o trámite que temos que facer para levar a cabo estas facturas que veñen de anos anteriores e bueno, xa ven aí detallado cal é ese tipo de facturas e nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Pola nosa parte o partido socialista vai a mudar o seu voto que emitiu na comisión informativa e imos a votar en contra. Imos a votar en contra porque esta factura en concreto a "do servicio dun estudio técnico económico de infraestructura necesaria para a unificación dos emprazamentos do SPEIS e da Policía Municipal é unha factura do ano 2021 e entrou por Rexistro neste concello en decembro do ano 2023. Nese momento o partido socialista solicitou por Rexistro copia dese expediente. A día de hoxe aínda non foi entregado a este grupo municipal. Con todo eso nós non temos información para nós poder avaliar un voto afirmativo a este recoñecemento extraxudicial de facturas.
Tamén nos chama poderosamente a atención cando incluímos no POS do ano 2023 a ampliación do cuartel dos SPEIS; é dicir, para que encargamos un proxecto de unificación do Cuartel da Policía Local e do emprazamento dos SPEIS cando posteriormente facemos unha ampliación de máis de 600.000 euros no POS para ampliar as dependencias dos SPEIS. Por esta falta de transparencia e por esta falta de información o partido socialista, pola súa responsabilidade, vai a votar en contra.

-Sr.Castrillón Permuy: Boa tarde, a todas / todos. Grazas Sra. Alcaldesa.
Referente á aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito, consideramos que sería muy necesario que as cousas se fixeran con máis transparencia e dilixencia. Aínda que é verdade que sobre as preguntas que fixemos na comisión informativa de contas o presidente chámounos para aclarar algunha das preguntas feitas.
É de agradecer, que me chamara e me informara, pero tamén é certo que estamos esperando aínda que nos entregue esa copia dese estudio que pedimos por Rexistro, e que lle volvín a pedir a vostede o outro día. Polo tanto, é algo que nós levamos tempo lembrándolles, de que as cousas non se están facendo ben e que este tema é algo que ademais subscriben contratos menores sucesivos de adquisición de bens ou servicios, que son repetitivos e que creo que se deberían sacar a contratación, polo que non están cumplindo o proceso apropiado de contratación pública. É algo que nós levamos tempo insistíndolles e que é algo que non o están facendo demasiado ben.

Polo tanto, incluso aquí hai máis, hai facturas que están imputando a aplicacións orzamentarias que non son axeitadas para a natureza deses gastos porque aínda hai unha sorpresa a maiores, no.
Bueno, espero a ver se son capaces algún día de corrixir esta forma de facer as cousas, e que sexan máis transparentes e dilixentes para que dende a oposición poidamos verificar mellor as cousas. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa, unha factura que… téñoa aquí, marquei 3 das que estaban decindo, unha factura que se presenta o 30-10-2023; unha que se presenta o 30-12-2023, que se presenta o 31-12-2023, como facemos para pagala? Quero decir, todos sabemos que o 31 de decembro….claro que podemos darlle a volta e falar de falta de transparencia, de tal, a realidade é que son facturas que evidentemente non estiveron presentadas en prazo que temos que pagar, un recoñecemento extraxudicial, é dicir, pagamos ou non pagamos os servicios prestados? É así, é dicir, e logo que vostedes piden que esta documentación por escrito e me consta e podemos traer aquí o relatorio do que piden, que se lles vai entregar. Evidentemente temos unha persoa que casi está destinada a entregarlles esa documentación. Como comprenderá se facemos un relatorio de todo o que piden e de todo o que se lle entrega, creo que somos moi transparentes; é dicir, tardaremos máis de 2 días, máis de 3 ou tal polo volumen de cousas que piden, pero aí a teñen. Entón tratar de tergiversar o que aquí estamos aprobando pode ser da maneira que queiran. A realidade é que estamos facendo, pagando de maneira extraxudicial determinadas cousas que foron presentadas nas datas que estaba decindo, e dicir, como comprenderá……. Outra 29-12-2023, como facemos para pagala?
Pasamos a votar.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: 10 A Favor
PP: 6 Abstencións
BNG: 3 Abstencións
PSdeG-PSOE: 2 En contra.

4 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN PARA A UTILIZACIÓN DO CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL DE TITULARIDADE PROVINCIAL, PARA OS ANOS 2024, 2025, 2026 E 2027. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Xefa Servizo Sociocomunitario Municipal con data 11-04-2024 emitiu o informe con proposta para que a Alcaldía someta a dítame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas o documento aupac SSO18I0X8, que textualmente dí:
"ASUNTO: Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Naron, para a utilización do Centro de día de menores de Ferrol de titularidade provincial, para os anos 2024,2025,2026 e 2027.

ANTECEDENTES
A Deputación Provincial da Coruña é titular do centro de día denominado Centro de día de menores de Ferrol, situado na rúa Sánchez Barcáiztegui, 35, de Ferrol e destinado a estancia de menores de idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos.
Dende o ano 2004, e con base ao Convenio asinado o 22/03/2004, entre o Concello de Narón e a Deputación Provincial da Coruña, para a utilización do Centro de día de menores de Ferrol (no seu día Fogar Infantil), o Concello de Narón ten reservada unha serie de prazas (actualmente 5), para a súa asignación a menores de familias empadroadas e residentes no Concello de Narón. Na actualidade sería convinte a dispoñibilidade para un máximo de 10 persoas beneficiarias.
Coa intención de continuar coa colaboración, este concello en data 17/11/2023, tramita a solicitude do referenciado convenio de colaboración mediante o procedemento estipulado aos efectos na plataforma telemática da Deputación Provincial da Coruña SUBTEL.
Posteriormente en 19/12/2023 a Deputación Provincial solicítalle ao concello de Narón a actualización do texto do novo convenio de colaboración proposto, e ese mesmo día, se remite unha nova memoria explicativa do obxecto do convenio por parte do concello de Narón.
Con data 09 de abril de 2024 esta Xefatura emite informe (SSO18I0W8) considerando necesario e oportuno a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para a utilización do Centro de Día de Menores de Ferrol, (De titularidade provincial), nos vindeiros anos 2024, 2025, 2026 e 2027.

Con data 11 de abril de 2024 a Xefa de Servizo de Organización e RR.HH , emite informe (ASI18I0D2), indicando que o contido do convenio é conforme a dereito, sendo o órgano competente para a súa aprobación o Concello Pleno por tratarse dun gasto plurianual.

Existe consignación económica adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2312.46100

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local
- Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais
- RD 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo Sexto da Lei 39/1988
- RDL2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- RD 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei 38/2003
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón
- Convenio de colaboración do ano 2004 entre o concello de Narón e a Deputación Provincial da Coruña asinado o 22/03/2004 e ratificado pola Xunta de Goberno Local de 29/04/2004 para a utilización do centro de Día de menores de Ferrol de titularidade provincial
- Bases de execución do orzamento en vigor e orzamentos vindeiros de 2025-2026-2027

En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón á Alcaldía que, previa fiscalización, someta a ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, as seguintes propostas de acordo:

1.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Narón, para a utilización do Centro de Día de Ferrol, nos vindeiros anos 2024, 2025, 2026 e 2027, e para un máximo de 10 beneficiarios, e así garantizar a cobertura das necesidades básicas e outras complementarias á familias usuarias dos servizos sociais municipais ofrecendo programas de apoio socioeducativo e familiar ,.

O texto do convenio de colaboración proposto, achégase a esta proposta como Anexo I.

2.- Aprobar e autorizar o gasto plurianual, con cargo á aplicación orzamentaria 2312.46100, para os exercicios económicos e importes máximos que se especifican :

Exercicio	Periodo trimestral	Nº de prazas	Importe/persoa/dia	Importe máximo por exercicio
2024	1ºT,2ºT,3ºT-2024	10	150,00€	13.500,00€
2025	(4ºT-2024),(1ºT,2ºT,3T-2025)	10	150,00€	18.000,00€
2026	(4ºT-2025),(1ºT,2ºT,3ºT-2026)	10	150,00€	18.000,00€
2027	(4ºT-2026),(1ºT,2ºT,3ºT-2027)	10	150,00€	18.000,00€
2028	4ºT 2027	10	150,00	4.500,00€

Polo tanto, deberá dotarse nos orzamentos correspondentes as anualidades sinaladas no cadro, do crédito necesario para facer frente aos gastos derivados do convenio.

"ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN PARA A UTILIZACIÓN DO "CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL" DE TITULARIDADE PROVINCIAL

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentin Gonzalez Formoso, Presidente da Excelentisima Deputacion Provincial da Coruna.

Doutra parte, Dona Marian Ferreiro Diaz, Alcaldesa do Concello de Naron. Os comparecentes intervenen en uso das facultades que, por razon dos seus cargos, lles estan atribuidas, e

MANIFESTAN

Que a Deputacion Provincial da Coruna e titular do centro de dia denominado Centro de dia de menores de Ferrol, situado na rua Sanchez Barcaiztegui, 35, de Ferrol e destinado a estancia de menores de idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos.

Que dende o ano 2004, e con base ao Convenio asinado o 22/03/2004, entre o Concello de Naron e a Deputacion Provincial da Coruna, para a utilizacion do Centro de dia de menores de Ferrol (no seu dia Fogar Infantil), o Concello de Naron ten reservada unha serie de prazas (actualmente 5), para a sua asignacion a menores de familias empadroadas e residentes no Concello de Naron.

Que o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, enmarca os centros de dia como un recurso dos programas de educacion e de apoio familiar municipal dos servizos sociais comunitarios.

Que o citado Decreto regula como funcion propia dos servizos sociais comunitarios especificos, e en relacion a Lei 13/2008, a xestion dos centros de dia destinados a primeira infancia para a conciliacion da vida laboral e familiar (artigo 26.f.) e a atencion a menores en situacion de risco social, mediante equipamentos e programas orientados a sua atencion psicosocial e educativa (art. 26.h).

Que a Lei 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade efectiva entre mulleres e homes, recolle no seu artigo 14, como criterio xeral de actuacion dos poderes publicos, o establecemento de medidas que aseguren a conciliacion do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes, asi como o fomento de instrumentos de colaboracion entre as distintas administracions publicas. No mesmo senso se pronuncia a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia no seu artigo 20.2.

Dado o interese coincidente de Deputacion Provincial da Coruna e do Concello de Naron ambas as duas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboracion conforme as seguintes clausulas:

CLÁUSULAS

1.OBXECTIVOS DO PROGRAMA

1.1.- O programa Centro de dia de menores de Ferrol, consiste nun servizo de acollida diurna para menores que intenta preservar e potenciar a integracion familiar das familias como recurso de proteccion ademais de garantir as necesidades basicas. O centro desenvolve un programa de atencion de dia con prestacions basicas e outras complementarias para nenos e nenas de entre 4 meses e 12 anos de idade pertencentes a familias usuarias dos servizos sociais municipais ofrecendo programas de apoio socioeducativo e familiar.

1.2.- Ente os seus obxectivos especificos se atopan o de favorecer procesos de inclusion no eido comunitario e educativo, tanto no eido individual como familiar; facilitar nas e nos menores e nas familias a interiorizacion de habitos que posibiliten cambios de actitudes e comportamentos; procurar a creacion de redes; posibilitar que as e os menores se relacionen positivamente coa sua contorna; garantir unhas condicions axeitadas de saude, hixiene e nutricion; e desenvolver actividades ludicas inclusivas que favorezan o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo a sensorial.

1.3.- Horarios do centro : Horario de apertura e peche do centro de 8.00 a 22.00 h. De luns a venres. Sabados. De 8.00 a 15.00 h. (En periodos non lectivos en funcion da xornada reducida de 8.00 a 21.00 h de luns a venres e sabados de 8.00 a 14.00 h)*

2.PRAZAS E REQUISITOS

2.1.- Disponse para o Concello de Naron dun numero de 10 prazas, 5 reservadas e 5 ampliables en funcion da idade dos menores e a disponibilidade nas unidades educativas do Centro, para menores de 4 meses a 12 anos, en rexime de Centro de dia, de conformidade coas disposicions de rexime interno do Centro, durante todo o ano natural, contado a partir do inicio de vixencia deste convenio.

Aos efectos do computo das idades anteriores, no momento do inicio do curso escolar o/a menor debera ter unha idade comprendida entre o 4 meses e non ter cumprido os 12 anos. No momento do remate do curso escolar os/as menores que tenan 12 anos cumpridos causaran baixa.

2.2.- O Concello podera solicitar unha prorroga de estancia para maiores de 12 anos con irmans/as menores no centro e prorrogas excepcionais para casos con especial atencion, previo informe tecnico dos servizos sociais municipais.

2.3.- Os servizos sociais municipais teran en conta os seguintes requisitos para tramitar o acceso ao Centro de Dia:

A. Menores pertencentes a familias empadroadas e residentes no Concello de Naron. B. Menores pertencentes a familias que, debido a dificultades especificas de caracter economico, de caracter social e/ou de conciliacion, necesiten dun apoio diario e puntual para completar a atencion das suas fillas e fillos. C. Que o/a menor para o/a que se solicita praza tena unha idade comprendida entre os 4 meses e os 12 anos.

2.4.- Non se consideraran persoas beneficiarias no caso de que se atopen nalgunha das seguintes situacions:

D. Persoas menores que se atopen en situacion de desamparo e, polo tanto, son susceptibles de estar suxeitas a xurisdicion da Xunta de Galicia. E. Persoas menores que necesiten atencion psicoeducativa en centros especificos para o seu tratamento. F. Persoas menores con trastornos mentais ou de conduta moi grave que requiran dunha intervencion psicoeducativa especifica. Persoas menores procedentes de unidades familiares con ingresos que sexan superiores a 3,5 veces o IPREM.

2.5.- Ocupacion praza dobre.

Para aqueles casos de menores con necesidades educativas especiais (N.E.E) de acordo co persoal tecnico dos servizos sociais municipais e do Centro de dia de menores de Ferrol, podera determinarse un ratio de "dobre ocupacion da praza."

3.COBERTURA DE PRAZAS/VACANTES

3.1.- As vacantes cubriranse previa solicitude de ingreso (anexo I) a Deputacion, e adopcion por esta da correspondente resolucion, salvo en supostos de emerxencia nos que se solicitara o ingreso e con posterioridade formalizarase o correspondente expediente.

3.2.- A proposta de cobertura de prazas vacantes e a valoracion das solicitudes correspondera aos servizos sociais municipais, que daran preferencia sempre a persoas en situacion de vulnerabilidade economica e exclusion social. A Deputacion Provincial oferta, conforme a este convenio, a funcion de centro de dia para familias que participan dos programas de Benestar Social do Concello de Naron.

3.3.- Poderan tramitarse as baixas do centro de dia nos seguintes casos:

A peticion da familia/titor do/a persoa menor usuaria. De oficio. Seran tramitadas as baixas de oficio:

- *Cando se acredite un uso anomalo da praza adxudicada (desaproveitamento dos recursos, faltas inxustificadas...)*
- *No suposto de falta de cumprimento dos requisitos sinalados no punto 2.4 ou cando, referido as idades*
- *No que respecta as idades, cando ao remate do curso escolar os/as menores tenan 12 anos cumpridos.*

4.SEGUIMENTO DOS/AS MENORES

4.1.- O seguimento do/a menor usuario/a do Centro de dia de menores de Ferrol e o da suas familias correspondera a Concelleria de Benestar Social do Concello de Naron, establecendose unha coordinacion cos servizos sociais da Deputacion Provincial ao comezo de cada curso escolar, e dende ai, a traves de reunions de coordinacion coa direccion e persoal educativo do centro e de seguimento dos casos segundo a programacion anual do centro.

4.2.- Documentarase axeitadamente o expediente de cada neno e nena antes de que ingrese no centro, elaborandose e incorporando ao mesmo os correspondentes informes e proxectos socioeducativos (PEI) segundo regulan os protocolos da Xunta de Galicia para centros de menores coa temporalizacion establecida nos mesmos, elaborados polo persoal educativo do centro co conforme da direccion.

4.3.- Para realizar as tarefas de seguimento das familias, que corresponden a Concelleria de Benestar Social do Concello de Naron, permitirase a utilizacion do centro se se considera necesario para garantir o seu axeitado desenvolvemento. Asi mesmo, podera ser utilizado o Centro polos servizos municipais para aquelas actividades complementarias que permitan unha axeitada atencion das e dos menores beneficiarios/as do Programa, como as ludicas, socioculturais, pedagoxicas e/ou didacticas, cos medios de que dispona o propio Centro ou os que dispona a administracion municipal, e que conten co informe favorable da direccion do Centro.

5.TRANSPORTE

O Centro de dia de menores de Ferrol ofertara entre outras prestacions un servizo de transporte para aquelas familias usuarias que exponan dificultades para o traslado dos menores ao Centro para facilitar a conciliacion da vida familiar/laboral.

O servizo consistira na recollida dos menores a saida dos seus Centros escolares e o seu posterior traslado ao Centro. Os itinerarios estableceranse ao comezo do curso escolar en funcion das solicitudes presentadas. O servizo prestarase durante o curso escolar (de setembro a xuno).

O Concello tramitara a solicitude de transporte no Anexo I ou no Anexo IV, segundo corresponda.

6. PREZO DAS PRAZAS

O prezo das prazas ocupadas liquidarase con caracter trimestral e estara determinado pola xornada de ingreso de cada menor no Centro de dia de menores de Ferrol, establecendose unha cota de 100 €/praza ocupada/mes para media xornada (ata 4 horas) e 150 €/praza

ocupada/mes para xornada completa (mais de 4 horas e ata o maximo de 8 horas). A liquidacion correspondente a cada trimestre natural sera efectuada pola Deputacion Provincial no mes seguinte.
7. DURACIÓN DO CONVENIO
A duracion do presente convenio sera de catro anos, con posibilidade de prorroga por outros catro anos mais (4+4), previo acordo expreso de ambas duas partes adoptado cunha antelacion minima de tres meses antes do remate do mesmo. Previamente a aprobacion da prorroga debera acreditarse no expediente que non se deben cantidades derivadas do convenio, e que de non ser asi non podera procederse a citada prorroga.
A vixencia do Convenio sera desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2027.
8. COMISIÓN DE SEGUIMENTO
Constituirase unha comision paritaria formada por un/unha representante do Concello e un/una representante da Deputacion co fin de efectuar un seguimento do grao de cumprimento do convenio e resolver os problemas de interpretacion e cumprimento que poidan presentarse. A comision reunirase sempre que o solicite unha das partes.
9. RESCISIÓN, DENUNCIA E MODIFICACIÓN
9.1.- En caso de incumprimento das obrigas establecidas respecto do compromiso economico que se determine, a Deputacion Provincial podera rescindir o presente convenio sen mais obriga que a de requirir fehacentemente o pagamento, cun mes de antelacion, a data en que resulte extinto.
9.2.- No caso de que calquera das partes decida resolver o presente convenio, debera anuncialo a outra con, polo menos, tres meses de antelacion.
9.3.- As partes poderan modificar o presente documento en calquera momento e de mutuo acordo, figurando os cambios como anexo a este convenio.
10. CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO.
Os acordos que se reflicten neste convenio teran sempre caracter administrativo. As cuestions litixiosas xuridicas sobre a interpretacion, a modificacion, a resolucion e os efectos do presente convenio, seran resoltas en primeira instancia pola Comision Mixta paritaria. En defecto de acordo e para calquera cuestion litixiosa non resolta que se derive do Convenio acudirase a xurisdicion contenciosoadministrativa.
11. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
As partes asinantes estaran obrigadas en materia de proteccion de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo de abril de 2016, relativo a proteccion das persoas fisicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulacion destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de proteccion de datos), a Lei 3/2018, do 5 de decembro, de proteccion de datos persoais e garantia dos dereitos dixitais e demais disposicions vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as suas previsions e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a sua proteccion fronte a alteracions, perdas, tratamentos ou accesos.
O Concello de Naron, responsable do tratamento, ponera a disposicion da Deputacion da Coruna, encargada do tratamento, a informacion necesaria para a correcta prestacion do servizo.
O tratamento dos datos basease no cumprimento dunha mision de interese publico ou no exercicio de poderes publicos, conforme a normativa recollida nas clausulas do convenio. Con todo, determinados tratamentos poderan
fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Os datos seran comunicados as Administracions publicas no exercicio das suas competencias, cando sexa necesario para a execucion do dito convenio ou para que a cidadania
poida acceder de forma integral a informacion relativa a unha materia.
A Deputacion provincial, tratara os datos coas finalidades e usos exclusivamente precisos para a execucion deste convenio, polo que non poderan ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que tena acceso non seran comunicados a terceiros, nin sequera para a sua conservacion.
As persoas interesadas poderan exercer os dereitos de acceso, rectificacion, supresion, oposicion, limitacion ao tratamento e portabilidade dos datos, ante o Concello de Naron.."

Logo de ver o informe da Intervención Xeral (ICO18I006K), informando desfavorablemente(reparo sen efectos suspensivos) en data 09/05/2024, o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Narón para a utilización do Centro de Día de menores de Ferrol de titularidade provincial paraos anos 2024,2025,2026 e 2027, ao aprobarse con carácter retroactivo, toda vez que a vixencia deste convenio será dende 01/01/2024 ata o 31/12/2027, quedando condicionada a vixencia do convenio á existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente nos orzamentos correspondentes para financiar as obrigas derivadas do dito convenio;

E visto o ditame favorable por asentimento da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 23-05-2024 o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO "CONVENIO ENTRE LA SECRETARÍA ESTADO DE SEGURIDAD Y EL AYUNTAMIENTO DE NARÓN PARA LA INCORPORACIÓN DE LOS CUERPOS DE POLICÍA LOCALES AL "SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DE LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO"; E RATIFICACIÓN DA SÚA SINATURA.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a constitución dunha Comisión de Coordinación para a protección de vítimas de violencia doméstica e de xénero realizada o sete de abril de 2006.

Visto o acordo adoptado polo Pleno municipal de Narón na sesión celebrada o pasado 28 de decembro de 2023, relativo á constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero.
Vistas as xuntanzas mantidas nestes anos pola Xunta Local de Seguridade deste municipio, e considerando que é neste órgano onde se canalizan as cuestións relativas a esta materia.
Visto o texto do "Protocolo de colaboración y coordinación entre las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado y los cuerpos de Policía Local para la protección de las víctimas de violencia domestica y de género", subscrito o 13 de marzo de 2.006, aprobado polo Concello Pleno de Narón na sesión celebrada o pasado 25 de abril de 2024.
Visto o texto do "Protocolo de colaboración y coordinación entre la policía nacional y la policía local de Narón para la protección de las víctimas de violencia doméstica y de género – procedimientos operativos de colaboración y coordinación entre la Comisaría local de Ferrol-Narón y la Policía local del Concello de Narón para la protección y seguimiento de las víctimas de violencia de género", igualmente aprobado polo Pleno municipal desta localidade o pasado 25 de abril de 2024, e formalmente asinado pola Sra. Subdelegada do Goberno en A Coruña, a Sra. alcaldesa e o Sr. Comisario da Comisaría de Ferrol-Narón, no seo da xuntanza mantida pola Xunta Local de Seguridade de Narón, na xuntanza mantida o 26 de abril de 2024.
Visto o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Narón, naquela mesma sesión, de solicitude de incorporación do concello de Narón ao sistema Viogen.
Visto o texto do Convenio remitido a este Consistorio denominado "CONVENIO ENTRE LA SECRETARÍA ESTADO DE SEGURIDAD Y EL AYUNTAMIENTO DE NARÓN PARA LA INCORPORACIÓN DE LOS CUERPOS DE POLICÍA LOCALES AL "SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DE LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO", que se acompaña a esta proposta como ANEXO.
Visto o Informe-proposta do Xefe da Policía Local do Concello de Narón de data oito de maio de 2024.
Visto informe emitido polo secretario Xeral do Concello en data nove de maio de 2024.
Visto o ditame favorable por asentimento da Xunta de Portavoces do 27 de maio de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:
PRIMEIRO. – Prestar aprobación ao texto do "Convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior (Secretaria de Estado de Seguridade) e o Concello de Narón para a incorporación do Corpo de Policía Local ao sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero" e ratificar a súa sinatura pola alcaldía do Concello.
SEGUNDO.- Facultar á Sra. alcaldesa para realizar cantas xestións resulten necesarias para a formalización do acordo anterior.
TERCEIRO. - Remitir certificación deste acordo adoptado á Subdelegación do Goberno en A Coruña e dar traslado do mesmo aos Corpos e Forza de Seguridade do termo municipal de Narón e ao Xefe da Policía Local aos efectos oportunos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
O primeiro, alegrámonos da aprobación do Convenio "entre a Secretaría de Estado de Seguridade e o Concello de Narón para a incorporación de policías locais ao sistema de seguimento integral para os casos de violencia de Xénero".
É un avance moi importante, pero tamén lle avanzo que é moi importante que sigan dando pasos porque este é un dos primeiros pasos que é imprescindible, pero para que esto funcione … espero que a alcaldesa despois de insistir se dé conta, de que o Centro de Información á

Muller é necesario. Para que esto funcione loxicamente teremos que ter este Centro de Información á Muller. Espero que así sexa.

-Sra.alcaldesa: non ten nada que ver unha cousa coa outra. E lle explicamos e vostede sabe que neste caso, en lexislaturas anteriores, recoñecemos a necesidade dun CIM e apostabamos por un CIM mancomunado e explicábamos por que. É dicir, non queira decir nese sentido, neste caso creíamos que era economizar recursos e seguimos apostando por eso. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 º.- PROPOSTA DE CREACIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DE MEMORIA HISTÓRICA E DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE NARÓN E DESIGNACIÓN DOS REPRESENTTANTES MUNICIPAIS NO SEU SEO.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola responsable do Servizo de Organización e Recursos Humanos do Concello de Narón que, literalmente transcrito, di:

"INFORME PROPOSTA
En data 19 de marzo de 2024, a presidencia da Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática presentou no rexistro municipal un escrito solicitando da alcaldía a constitución do Consello Sectorial Municipal da Memoria Histórica Democrática, como órgano colexiado de participación sectorial permanente constituído como un espazo de asesoramento, información, debate, estudo e proposta, que teña por obxecto a defensa e promoción dos dereitos humanos e o coñecemento da Memoria Histórica a través da súa recuperación, promovendo a creación de sinerxías entre Administracións, movemento asociativo, expertos, partidos políticos e cidadáns, propoñendo unha concreta composición do devandito organismo.

Tras a xuntanza celebrada por membros desa Asociación cos portavoces dos grupos municipais, o pasado 22 de abril de 2024, e á vista dos compromisos acadados no seo desa reunión, resulta oportuno proceder á formal creación do Consello sectorial da Memoria Histórica e Democrática do Concello de Narón e designar aos representantes municipais nese organismo.

Unha vez constituída será precisa a aprobación dun regulamento que discipline a súa concreta composición e organización, e que deberá ser aprobado polo pleno municipal desta Corporación.

Así pois, tendo en conta a especificidade e concreción dos obxectivos dese natureza no rexistro de asociacións do Concello de Narón, estímase oportuno proceder a adopción de sendos acordos plenarios en aras a súa efectiva creación e concreta composición do devandito Consello.

Vista a normativa de aplicación (Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local. (LBRL); Real Decreto 2568/1986, do 238 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.(ROF) e Regulamento de

Participación Cidadá deste Concello) que faculta a creación e funcionamento destes órganos complementarios.

Esta funcionaria eleva a seguinte proposta

Primeiro: prestar aprobación á creación do Consello Sectorial da Memoria Histórica do Concello de Narón.

Segundo: designar aos seguintes representantes municipais no devandito Consello:
Presidenta: a alcaldesa do Concello de Narón
Vicepresidenta: a concelleira de participación cidadá.
Vogais:
D. Román Romero Franco (en representación de Terra Galega)
D. Germán Castrillón Permuy (en representación do Partido Popular)
Dª. Olaia Margarita Ledo Díaz (en representación do BNG)
Dª. Silvia María de Arriba Fernández (en representación do PSdeG-PSOE)"

Visto informe emitido polo Secretario Xeral do Concello.

Visto o ditame favorable por asentimento da Xunta de Portavoces do 27 de maio de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: prestar aprobación á creación do Consello Sectorial da Memoria Histórica do Concello de Narón.

Segundo: designar aos seguintes representantes municipais no devandito Consello:

Presidenta: a alcaldesa do Concello de Narón
Vicepresidenta: a concelleira de participación cidadá.
Vogais:
D. Román Romero Franco (en representación de Terra Galega)
D. Germán Castrillón Permuy (en representación do Partido Popular)
Dª. Olaia Margarita Ledo Díaz (en representación do BNG)
Dª. Silvia María de Arriba Fernández (en representación do PSdeG-PSOE)"

DEBATE

Sin disgregar	42,61		62	227.943,34	7	56.602,68
Total	**42,61**		**62**	**227.943,34**	**7**	**56.602,68**

O Concello Pleno, deuse por enterado.

11 º.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS E DOS MOVEMENTOS DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2024 . -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: "De conformidade co disposto na base 10 das que rexen a execución do Orzamento do Concello, aprobadas definitivamente o 15 de maio de 2024, remitese a ese órgano para seu coñecemento información da execución dos orzamentos e dos movementos de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentarias correspondente o período abranguido entre o 1 de xanerio ó 31 de marzo do 2024, e que corresponde o 1º TR/2024:.

1º TRIMESTRE/2024

1.- GASTOS ORZAMENTARIOS.

C. INICIAIS	MODIFICACIONS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS REALIZADOS	REINTEGROS GASTOS
37.681.368,80 €	6.789.795,34 €	6.669.148,01 €	5.592.238,28 €	166,77 €

2.- INGRESOS ORZAMENTARIOS.

P. INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	INGRESOS REALIZADOS	DEVOLUCIONS INGRESOS
37.681.368,80 €	6.789.795,34 €	8.759.623,04 €	8.331.758,24 €	633.403,54 €

3.- PAGOS NON ORZAMENTARIOS. **4.- INGRESOS NON ORZAMENTARIOS.**

POR OPERACIONS NON PRESUPUESTARIAS	
3.129.187,49 €	1.432.534,29 €

5.- GASTOS E. PECHADOS.

PAGOS REALIZADOS	RECTIF. OBRIGAS RECOÑECIDAS
2.364.596,38 €	0,00.- €

6.- INGRESOS E. PECHADOS.

DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	RECADACIÓN
26.219,94 €	50.889,37 €	1.677.950,57 €

7.- EXISTENCIAS TESOURERIA.

S. INICIAL	S. FINAL
13.484.099,75 €	13.207.083,93 €

Engádese á proposta o detalle do estado contable do 1º TR/2024.

Non obstante, esta Intervención pon de manifesto que se remiten os datos do orzamento do ano 2024, cando tiñan que remitirse os datos do orzamento do ano 2023 prorrogado para o ano 2024, que estaba en vigor no 1º trimestre do ano 2024, e en coherencia coa remisión da información trimestral do 1º trimestre de 2024 que consta na OVEL, remitida por esta Intervención o 29/04/2024".

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, deuse por enterado.

INCIDENCIA: Sae a Sra.Interventora Xeral sendo as 19:35 horas.

12 º.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP E DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Ó GOBERNO MUNICIPAL A QUE SE DESTINE O REMANENTE DA OBRA "PRAZA DE GALICIA, CENTRO COMERCIAL E CENTRO DE ENCONTRO EN NARÓN" A CUBERTA DAS PISTAS DEPORTIVAS DAS PARROQUIAS DE SAN XIAO E DOSO.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

"O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón e o Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Dos grupos reclamando o "INSTAR Ó GOBERNO MUNICIPAL A QUE SE DESTINE O REMANENTE DA OBRA "PRAZA DE GALICIA, CENTRO COMERCIAL E CENTRO DE ENCONTRO EN NARÓN" A CUBERTA DAS PISTAS DEPORTIVAS DAS PARROQUIAS DE SAN XIAO E DOSO.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

O pasado 9 de maio de 2024, o goberno municipal de Terra Galega ven de renunciar á subvención outorgada polo Ministerio de Industria para a obra Praza de Galicia, Centro Comercial e Centro de Encontro en Narón", o que derivou na devolución da subvención 1.724.557,09 € mailos intereses de demora xerados.

O goberno de Terra Galega trasladou á opinión pública que a obra non se levaría a termo polo que o 20% do custe da obra, isto é 431.139,28.-€ quedarían como remanente nas arcas públicas.

Os grupos municipais, entendendo que existe unha necesidade e obriga co rural de Narón, propón destinar ese remanente á cuberta das pistas deportivas de san Xiao e Doso como ferramenta para afincar poboación no rural, creando novos espazos para disfrute dos nenos e nenas de Narón.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE e do Partido Popular presentan a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ó Goberno Municipal a que se destine o remanente da obra "Praza de Galicia, centro comercial e centro de encontro en Narón" a cuberta das pistas deportivas das parroquias de San Xiao e Doso.

2.- Instar ó Goberno Municipal a que se adopten as mediades legais pertinentes e se modifique a partida orzamentaria destinada a obra "Praza de Galicia, centro comercial e centro de encontro en Narón" destinando a mesma a cuberta das pistas deportivas das parroquias de San Xiao e Doso.

3.- Que se adopten as medidas legais pertinentes para a redacción dos proxectos da cubertas das pistas deportivas das parroquias de San Xiao e Doso e a súa posterior licitación se procede.

Narón a 15 de maio de 2024.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández Fdo.: Germán Castrillón Permuy"

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor dos representantes de PP -3- e PSdeG-PSOE -1-; e as abstencións dos membros de Tega -5- e BNG -2-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 23-05-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

1.724.557,10 euros, esa era a axuda que tiñamos dende o Ministerio de Industria para reformar a praza de Galicia. Esa praza de Galicia que vostedes nos venderon na prensa, en decembro do ano 23 a bombo e platillo, que ía a transformar o Alto de Narón.

Por certo, esta cantidade, parece que casualidades da vida, é xusto o que se querían aforrar co remanente do Servicio de Axuda a domicilio. Qué casualidade. Simplemente digo que casualidade, Sra.alcaldesa. Pero mire, imos á moción, aquí hai unha neglixencia clara co seu goberno Sra.alcaldesa. Sábeo. Vostede sábeo. Sabe que cando esta subvención foi peticionada ao goberno en abril, o prazo de execución non era o 31 de decembro de 2024. Ese prazo de execución ampliouse en xaneiro cando xa tiñamos os cartos. Pero pasa que dende que tivemos os cartos e dende que sabíamos que non podíamos facer a obra, tivemos os cartos a conta xerando intereses que temos que pagar todos os veciños e veciñas de Narón. Máis de 20.000 euros en intereses.
Mire, vostede Sra.alcaldesa, ten unha responsabilidade co pobo de Narón e esa responsabilidade se traduce en saber dirixir o seu equipo. Vostede creou unha super concellería, unha super concellería que leva mobilidade, urbanismo, obras e RRHH, co PXOM agora en marcha. Está sobresaturada esa concellería; mire, lle estou adiantando un rogo: por favor Sra.alcaldesa, quite a competencia que incumbe á petición, neste caso, das subvencións porque non se fixo ben. Asúmao vostede, así como ten asumida a concellería de Cultura, asuma tamén esa xestión. O que non podemos é permitirnos o luxo de perder 1.700.000 euros. Imos facelo con fondos propios? Non o vexo Sra.alcaldesa. De feito vostedes publicaron na prensa en contestación á noticia, vostedes publicaron que non ía a facerse a reforma da Xunta de Galicia. Dixéronno públicamente, pois entón o partido socialista o que fai é que ese remanente que temos de casi 500.000 euros, destinalo ao rural de Narón, á alma de Narón, de onde naceu o Concello de Narón. E atender esas necesidades, necesidades que son da parroquia. De Doso e de San Xiao. Para afincar poboación, o que nos demandan os veciños é poder levar as súas crianzas cando é inverno a un patio cuberto. E non ter que vir á zona urbana para poder ter aos seus nenos e nenas, neste caso, practicando deporte. E nos reclaman algo básico que ademais consideramos que é xusto. E que cousa que podemos facer, que é cubrir as pistas de Doso e de San Xiao. De aí a nosa petición e a nosa moción. E non nos poden decir que non hai cartos. Non nolo poden decir Sra.alcaldesa. Porque son cartos que vostedes teñen aí. Que non executaron salvo que agora me queiran convencer que van facer a praza de Galicia con 2 millóns de euros. Non me vai poder convencer Sra.alcaldesa.
Entón por responsabilidade o que lle digo ao seu equipo de goberno e a vostede é que voten a favor esta moción. Por responsabilidade co pobo de Narón. E así polo menos mingüen un pouco a súa responsabilidade.

-Sr.Carballeira López: boa tarde. Bueno, primeiro mostrar a nosa pena polo abandono do proxecto da praza de Galicia que nos parecía moi interesante e importante para dinamizar a zona; e como xa expresamos, queremos que non caia nun caixón e o concello se sinta capaz na seguinte ocasión de levalo a cabo cumprindo requisitos da subvención que poida ter nese momento. En todo caso, quédanos por resolver a dúbida de por que o goberno en principio o veu factible e logo non.
Pero xa falando dos puntos da moción. Quería valorar, por un lado, a cuberta da pista de Doso que é unha demanda histórica do BNG, de feito vai no noso programa dende hai anos e sempre está presente nas nosas negociacións, no modificado de créditos onde viñan diferentes investimentos do POS, pois faltabanos este para poder votar a favor non como o resto dos partidos do pleno. Nese aspecto agora só podemos agradecer ao PSOE e ao PP que se unan a nosa demanda.
Hai que decir tamén desta cuberta de Doso, que é tamén un proxecto moi razoado. A veciñanza de Doso ten moi claro o diseño que precisan de acordo a contorna, e que cumpla os

requisitos para os 5 ou 6 eventos anuais que xa se veñen realizando baixo carpa moitas veces, por diferentes entidades, como son as festas tradicionais dos ramos, San Lorenzo, ou xantares populares da comisión de festas, a festa do lisco, a recreación da esfolla, etc. ademais do uso diario como espazo de lecer da veciñanza, unha actuación ademais que aínda que non é o que persigue a longo prazo, sería económicamente rendible ao concello xa que ata agora estase facendo cargo da instalación dalgunhas das carpas que se poñen anualmente, e podería deixar de facer.
E por outro lado, valoraría a cuberta da pista de San Xiao, que realmente somos sabedores que xurdiu recentemente esa demanda pola asociación veciñal. Pero bueno, non somos coñecedores de si existe un proxecto tan claro e consensuado como en Doso, por exemplo.
Na moción tampouco explica moito máis, e bueno, a intervención agora para explicar a moción pois tampouco é que nos aclare moito, que estaríamos apoiando exactamente e por que. Que tipo de edificación, parece que nos centramos máis no abandono doutros proxectos que realmente en explicar que é o que queremos aquí.
Quero decir que imos un pouco a cegas neste último caso, porque eu persoalmente non teño claro que tipo de construcción. Daría a cobertura axeitada a todas as actividades que aí se realizan ou se pretenden realizar.
De todos xeitos a Participación Cidadá é importantísima para este tipo de obras, para que cheguen a bo porto e non se quede nunha ocorrencia ou nunhas palabras nun pleno dun político, e que logo poidan enfadar e dividir unha parroquia porque de obras que enfaden aos veciños e veciñas, xa imos bastante servidos. E como non, o BNG, temos claro que a veciñanza debería ter a última palabra.
En todo caso vemos esta eiva na moción, unha falta do proxecto xunto con outras máis graves se cabe. Sabedes que o BNG somos moi esixentes nas nosas propias mocións e na forma de traballar as cousas, pero ata nos estrana a maneira de plantexar esta iniciativa. Por que relacionamos aquí unhas partidas con outras? Por que destinamos o xusto, eses 400.000 euros antes de ter proxectos ou estudios de custos? Non sei, será suficiente? A min a verdade non me parece moi excesivo. É rara esta maneira de plantexalo, ata como ben expresado, non sei se sería legal mudar estas partidas. Por que non usar outros remanentes xerais agora que se pode? Eu de feito vos proporía retirar esta moción, e volver a plantexala adecuadamente para que se poida levar a cabo.
Nós os políticos temos a obriga de saber plasmar as ideas adecuadamente, para facelas realidade logo, que non se queden aquí só nunhas palabras cara a galería.
E así a todo aínda que a maneira de presentar ou de traballar estas iniciativas non nos parezca adecuada, o BNG imos apoiar aínda que non nos gustaría que fose así e, repito, gustaríame que se retirara esta moción para poder presentala adecuadamente, pero bueno, valoramos e entendemos o sentido da moción e en todo caso axudaremos a que se non é desta maneira sexa doutra, se poidan dar a estas parroquias os espazos que precisan. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Referente a este punto, a verdade é que nós cando vimos na acta da Xunta de Goberno Local as renuncias a esa subvención, a verdade é que o tuven que ver 2 veces porque non o creía, no. Despois do que se plantexara, non mo creía, e me sorprendeu e a vez me entristeceu porque creo que era unha boa inversión para Narón, no. E creo que sempre que poidamos xerar fondos doutras administracións, pois creo que é importante.
Creo que vostedes, principalmente vostede que é a presidenta, creo que pode tomar as decisións, creo que ten un problema neste tema de plantexamentos e de planificación, e de contratación de obras. Hai tempo que o estamos vendo, hai tempo que llo vimos decindo.

Polo ben e polo interese de Narón, espero que o solucionen e que se arreglen. Porque é triste. E referente á proposta que presentamos da cubrición das dúas pistas, a de Doso e a de San Xiao; é certo que nós cando estivemos reunidos co portavoz de TEGA para os orzamentos era unha das propostas que lle fixemos, e xa vimos que non nos escoitou ou que nos escoitou pero bueno, agora xurde a oportunidade de volver a tratar esto. Porque creo que é necesario ademais. Creo que nos núcleos máis rurais, creo que necesitan espazos cubertos, abertos, para que a xente os poida utilizar como espazo público para actividades deportivas, actividades culturais, incluso actividades sociais e xeneracionais onde a xente se poida sentar e poida conversar cunhas persoas e con outras no, e que creo que eso sería o que se necesitaba nesas 2 zonas, cando ademais as súas directivas é certo que Doso leva quizais máis anos solicitando, pero é certo que tanto Doso como San Xiao o están pedindo dende hai tempo.
E por eso nós, consideramos que é necesario e que posiblemente como di Geno, non sexa suficiente ese diñeiro, pero creo que hai máis remanentes e creo que tamén podemos optar a axudas doutras administracións para que complementen a parte que falta. Creo que é algo, algo que tamén temos que traballar. E debemos traballar tamén dende esta parte. Nos comprometemos tamén a poder traballar neso.
Polo tanto nós, como se imaxina, estamos de acordo e non queremos tampouco que se retire. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa por aclarar a Jorge. Quen tramita esta subvención é a oficina de Fondos Europeos, neste caso non é a concellería de obras nin moitísimo menos, e como comprenderedes se renunciamos a unha subvención, a min si que a verdade que me gustaría que cambiasedes o discurso e que alá onde gobernades, neste caso, a nivel Madrid que solicitarades e que pedirades que cando se fan este tipo de subvencións sexan cun prazo suficientemente amplo para poder realizar as obras, porque facendo os cálculos é imposible, materialmente é imposible poder levalo a cabo. Por eso renunciamos.
Crédeme que non é outro motivo que ese. E a verdade que sempre tratar de poñerlle neste caso o foco a quen non lle corresponde. Porque evidentemente nós cando solicitabamos esperabamos que eses prazos se puidesen dilatar máis no tempo porque era inmateriablemente poder realízalo. E así o sabíamos .E precisamente ese é o motivo único e exlcusivamente porque se renuncia a ela. Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
Votos a favor:
3 Bloque Nacionalista Galego
6 Partido Popular
2 Partido Socialista de Galicia

Abstencións:
10 Terra Galega

13 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE UNHA ALTERNATIVA Á PROBLEMÁTICA DAS MOSCAS NO VAL.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: "**O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina,** en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades

locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

UNHA ALTERNATIVA Á PROBLEMÁTICA DAS MOSCAS NO VAL

A problemática que se está a vivir dende 2020, que afecta a varias vivendas da parroquia do Val en distintas zonas, coa proliferación dunha cantidade alarmantemente alta de moscas ten á veciñanza da contorna moi preocupada posto que o problema, en lugar de terse resolto, continúa repetíndose ano a ano e vaise agravando co paso do tempo.
Dende a área de Medio Ambiente e Sanidade do Concello solicitouse a elaboración dun estudio poboacional para determinar a zona de maior presenza das moscas, para determinar a especie predominante e poder determinar e acoutar a posible orixe das moscas.
Logo de térense realizado unha serie de controis, chegouse ás seguintes conclusións:

1- Que a mosca observada correspóndese coa mosca común ou mosca doméstica.
2- Tomando como referencia os diferentes puntos nos que se situaron as trampas, evidénciase a presencia de individuos adultos realizando períodos de descanso en teitos, paredes e outras superficies así como sobre terra, os cales evidencian a súa proximidade a fontes de alimentación ou criadeiro.

3- Recóllense suxestións dirixidas ás explotacións gandeiras e ás actividades auxiliares de estercado de campos de cultivo e forraxe para que establezan controis preventivos e periódicos.

Transcorridos dous anos dende a realización do estudo ao que se fai referencia, a situación estase a agravar nas vivendas afectadas e a preocupación da veciñanza do Val, consecuentemente, foi en aumento.
Un equipo da Universidade de Vigo formado por biólogos, ecoloxistas e expertos en ciencias ambientais fixeron estudos e o seguimento dun asunto semellante ao que nos ocupa na zona do Val e chegaron á conclusión de que, coa información de que dispuñan, non se podía cualificar a situación como de “praga”. Si recoñecen, sen embargo, que se producen booms poboacionais desproporcionados de moscas nalgunhas zonas, en momentos específicos e en distintas datas.
Co exposto pódese concluír que, mentres non sexa posible coñecer a orixe da proliferación das moscas, débese actuar atendendo á situación que se está a producir e tratando de mitigar as molestias que se ocasionen nas vivendas e na veciñanza.
Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1- Instar ao Grupo de Goberno do Concello de Narón a que contrate os servizos de profesionais competentes para levar a cabo tratamentos mediante pulverización exterior nas paredes das vivendas afectadas e mesmo no interior se así o consideran os profesionais.
2- Instar ao goberno do Concello á realización dunha listaxe das vivendas afectadas pola proliferación da mosca común ou mosca doméstica.
3- Buscar o acordo cos titulares das vivendas interesados en que se leve a cabo o tratamento proposto no acordo primeiro.

4- Instar ao Goberno do Concello de Narón a habilitar unha partida para contratar un servizo de profesionais para levar a cabo tratamento proposto no punto primeiro.

Narón, 20 de maio de 2024
Germán Castrillón Permuy"

E visto o ditame favorable Desfavorable (por 5 votos en contra de Tega; as abstencións de BNG -2- e PSdeG-PSOE -1-; e os tres votos a favor do Partido Popular) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 23-05-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, a verdade que presentamos esta moción para buscar unha alternativa polo problema das moscas no Val. Como vostede ben sabe, dende o ano 2020 estas persoas están sufrindo este problema. Ademais hai bastantes vivendas afectadas en distintas zonas e coa proliferación dunha cantidade alarmante de moscas que ten á veciñanza da contorna moi preocupada posto que o problema, en lugar de terse resolto, continúa repetíndose ano a ano e vaise agravando co paso do tempo.

Dende a área de Medio Ambiente e Sanidade do Concello solicitouse a unha empresa a elaboración dun estudio poboacional para determinar a zona de maior presenza das moscas, para determinar a especie predominante e poder determinar e acoutar a posible orixe das moscas.

Logo de térense realizado unha serie de controis, chegouse ás seguintes conclusións:

1- Que a mosca observada correspóndese coa mosca común ou mosca doméstica.
2- Tomando como referencia os diferentes puntos nos que se situaron as trampas, evidénciase a presencia de individuos adultos realizando períodos de descanso en teitos, paredes e outras superficies así como sobre terra, os cales evidencian a súa proximidade a fontes de alimentación ou criadeiro.
3- Recóllense suxestións dirixidas ás explotacións gandeiras e ás actividades auxiliares de estercado de campos de cultivo e forraxe para que establezan controis preventivos e periódicos.

Transcorridos dous anos dende a realización do estudo ao que se fai referencia, a situación estase a agravar nas vivendas afectadas e a preocupación da veciñanza do Val, consecuentemente, foi en aumento.

Algúns expertos apuntan ao cambio climático como causa do aumento de moscas. Con todo, a día de hoxe, non hai nada probado. Esta teoría baséase en que o aumento de temperatura pode provocar que exista un maior número deste insecto.

O ditame dos expertos, que realizaron estudos noutro Concello con causas moi similares ao de Narón, os resultados coñeceronse recentemente, reflicte que, "probablemente", as proliferacións de mosca común "están asociadas en boa medida aos procesos de estercado dos

campos con esterco fresco ou pouco fermentado sen compostar, augas sucias procedentes de alcantarillados, entre outros.
Na zona do Val xa se fixeron inspeccións as granxas existentes e non se encontraron anomalías que poideran provocar esta situación.
Este último ditame coincide en liñas xerais co informe que realizo a empresa contratada por este Concello.
Igual que o informe realizado pola Universidade de Vigo sobre as causas deste fenómeno, non apunta a unha única orixe, senón a múltiples factores,
Co exposto pódese concluír que, mentres non sexa posible coñecer a orixe da proliferación das moscas, débese actuar atendendo á situación que se está a producir e tratando de mitigar as molestias que se ocasionen nas vivendas e na veciñanza.
Solicítase ao goberno do Concello de Narón a que contrate os servizos de profesionais competentes para levar a cabo os tratamentos necesarios para a eliminación das moscas nas casas afectas na parroquia do Val.
Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta ao Pleno da Corporación, a adoptar os seguintes acordos aos que deu lectura o Sr.Secretario.
Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Antes de nada tamén facerlle outro rogo: que non é cuestión de que aquí o Sr.secretario teña que berrar, temos que mellorar a acústica neste caso, dos micrófonos de aquí. E o digo porque moitas veces dende as casas ….

-Sra.alcaldesa: os rogos ao final. Agradeceríallo.

-Sr.Ulla Rocha: ….só ese rogo porque ven a feito porque unha veciña que hoxe está aquí presente, tivo que berrar para decirlle ao Sr.Secretario que non se oía e tivera que berrar. Eso non pode ser.
Entrando xa no texto da moción, o partido socialista vai votar a favor. Vai a votar a favor aínda que no espíritu, ao comezo teña as súas dúbidas e teña as súa dúbidas porque entendíamos que podía ser unha decisión drástica facer eso. Pero despois de 5 anos temos que facer algo. Temos que actuar. Non pode ser que teñamos veciños que estén sufrindo unha plaga, constantemente ano tras ano. Verán tras verán. Non pode ser. Temos que facer algo e se a decisión e a solución ten que ser esta, témola que apoiar. Polo menos, témolo que intentar. E se non funciona teremos que buscar outra alternativa. Pero de primeiras témolo que intentar e o que non pode ser é que sempre nos veña con derivacións de que son competencias doutras administracións ou sempre sacándose neste caso, da manga comisións, ou neste caso, como convocarnos á Comisión Informativa das Moscas do Val para a vindeira semana: penso que era para neutralizar esta moción. Os veciños o que queren Sra.alcaldesa, son solucións. Hoxe se pon a solución enriba da mesa, non sei se é a axeitada ou non, pero hai que implementala e se funciona benvida sexa. E se non teremos que buscar outra Sra.alcaldesa. Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: Como ben sabedes todos os grupos municipais tiñamos pedido por Rexistro que se convocara unha comisión que creamos por unanimidade, onde non só decide un partido político o que facer nunha situación moi angustiosa para as familias, senón que se

decide con persoas expertas onde a propia veciñanza ten a palabra e onde estamos representados todos os grupos políticos. Facer outra cousa é populismo, cambiar o voto é populismo, cada quen co seu. Nós queremos explicar unha cousa. Está solicitada por Rexistro, sabedes que está convocada unha comisión creada especificamente para esta problemática. Sabémolo todos os grupos políticos e creo que é importante decilo porque é a maneira para poñer a solución e estudar o problema que acontece en Narón e que está a acontecer en tantos concellos do noso país. E porque sabemos que hai solucións que se teñen que dar que non son, por desgraza, o que aparece nesta moción. Porque o que fai esta moción cun informe técnico en contra, con informes xurídicos que nosoutros pedimos tamén en contra, porque non se pode acceder a vivendas privadas dunha administración pública, que xa non se fixo na época da pandemia da Covid para determinados usos, se non hai unha alerta sanitaria autonómica, unha alerta sanitaria estatal, que non a hai, con ese problema e nos parece moi preocupante. A solución non é nin unilateral nin é fundamentada; na comisión temos que estar todas as partes e a propia veciñanza porque hai moitas persoas, compañeiros e compañeiras, que están afectadas que coñecemos directamente, familias nosas que están afectadas, amizades que están afectadas por esta situación que é un verdadeiro horror, e por eso estou apoiando aquí á parte necesaria que nos apoiou e poidamos ter voz, moitas grazas, e entendo perfectamente a situación, Tomiño está na vangarda na búsqueda de solucións neste aspecto, se sumou Narón, agora hai un estudo na universidade de Vigo, que fala que pulverizar…. Porque ademais o punto fala de pulverizar e nada máis e non se di nin se concreta nada, que é incluso contraproducente porque elimínase ese fía pero se volven a producir con máis vulnerabilidade para a xente, con moitísima máis producción polo mero feito que estamos acabando cos propios depredadores das moscas, hai solucións como tiras …. Ademais pulverizar implica que hai persoas afectadas pola súa saúde *(as persoas do público protestan e a Sra. Ledo Díaz interrumpe a súa intervención …..)* . Continúa decindo a Sra.Ledo Díaz : o BNG está con todas e todos vos pero si que vos queremos decir que si vedes a moción do Partido Popular, o que se propón, e así nolo dixeron dende o punto de vista administrativo e técnico, é ilegal. E como é ilegal eu podería aquí tirar de demagoxia e votar algo …. Máis enfermos estarán se se cumple o que pide o Partido Popular sen informes técnicos, é máis, (*a Sr.alcaldesa pide ao publico que por favor garden silencio decíndolles que cando lles toque terán a súa oportunidade para falar*) …. É verdade que hai persoas dependentes que tiveron este problema. Estamos a falar de casas con bebés, hai un estudio na universidade de Vigo de cómo paliar esto que contradí o que está poñendo o Partido Popular nunha moción, e hai unha comisión creada por unanimidade neste concello con persoas técnicas, con todos os grupos municipais, con veciños e veciñas da parroquia que poden decir todo o que teñen que decir hoxe, está convocada e leva un ano en funcionamento e é aí onde dar a solución. Porque aquí hoxe podemos aprobar algo que non se vai realizar …. Todas as persoas aquí presentes queremos unha solución para este problema e, repito, non só para as persoas que estades aquí afectadas e que é unha auténtica angustia, senón porque temos directamente persoas afectadas e non só na parroquia do Val, empeza a haber noutros sitios, hai que mirar as redes de saneamento, os tubaxes, onde sae o foco do problema, porque podemos eliminar todas as moscas un día e sabedes que despois de sulfatar aparecen. Hai xente que xa tivo, e eso o

coñezo de primeira mán, que tivo que ir aos servicios sanitarios porque coa angustia de ter que sulfatar a súa vivenda, atopouse con problemas respiratorios graves que poden ser os veciños pero, repito, sabemos por moito que repitan o Partido Popular, que é ilegal que unha administración faga eso como tampouco permitimos, que eso si que sería ilegal, facelo nas cunetas e como si o fan en concellos do Partido Popular porque xustamente elimina depredadores deste tipo de plagas que se está dando, non só en Narón senón en moitos concellos, e nós como somos coherentes, como queremos unha solución a longo prazo sabemos que o que está presentando o Partido Popular é mentira, non se pode realizar e non queremos xogar a eso; non queremos enganar aos veciños e veciñas porque sabemos que a longo e medio prazo a solución é outra e sabemos que é así (*outra vez o público interrumpe a intervención*)….. A min me parece ben que a xente fale porque esta é a casa do pobo e teñen dereito a opinar.

Bueno, creo que xa explicamos e fundamentamos. Temos un informe técnico en contra. Bueno, moitas grazas e ánimo a todos/as.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. A verdade é que me sorprende, que unha vez máis queiran escorrer o bulto. É dicir, levamos 5 anos, creouse unha comisión porque a pediu este partido, e vemos que non se avanza nada e que non hai solución. Entonces eu creo que aos veciños hai que darlles unha solución, unha alternativa para este verano, para este verano hai que darlles unha alternativa. Eu non digo que esto teñan que facelo todos os anos, haberá que buscar o foco onde sae e o que pasa, pero creo que dunha vez por todas temos que actuar. Vostede Sra.alcaldesa, eu sei que visitou algunha casa que estaba con moscas. Vostede viviría nesas condicións? Sería capaz de facer a comida nesas condicións? Sería capaz de sentarse a mesa e comer nun plato nesas condicións? Analíceo. Soamente é un tema humano, é un tema humano, non é un tema de máis cousas. E me falan de que non se pode pulverizar? Que diferenza de Ferrerías ao Val? En Ferrerías hai 2 días, as 3 horas mira como estaban as herbas, nunha senda onde hai casas, onde hai paxaros, onde pasan animais e todo eso, entonces dígame cal é a diferenza, búsqueme unha alternativa. Pero solucionelles o problema e dende logo … ademais hai outra cousa moi importante, que non sei se o sabe, eu creo que o sabe, a empresa que estivo facendo o estudio, creo que xa o sabe, se falou de facer algo desto e esas empresas están homologadas e os produtos que utilizan están homologados, por moito que se nos queira vender de Medio Ambiente, do ecosistema e das normas que veñen de Europa; pero os europeos están en Bruselas, non están en Narón nin están no pobo de Narón, nin están nas casas dos veciños. Esa é a diferenza.

Agora que hai que seguir investigando e buscando solucións? Si. Que esta non é a definitiva? Tamén estou de acordo, pero hai que facelo. Hai que facelo agora para que pasen este verán. E ademais esto pode facer un contrato menor e cun acordo plenario para que non haiba ilegalidades, como di a Sra.Olaia, porque creo que todos imos estar de acordo. Porque ademais por menos de 300 euros, Iva incluído, faillo por vivenda e dalle un repaso nos 2, 3

meses que poida … mire que barato podía saír. Se hai 50 vivendas que creo que non hai tantas, pero pode haber 50 vivendas, serían 15.000 euros, un contrato menor.

Polo tanto, está na vosa mán que sodes os que gobernades. Para darlles unha solución para este ano, e non estou en contra de que se siga investigando. Pero eu teño informes xa lle digo, e non ten claro de onde ven o problema. E é certo de que hai que investigar determinadas zonas, como dixen os tubaxes do alcantarillado, os estercos que se tiran nas terras, pero bueno, pero oie, sexamos realistas. Estemos cos pes na terra, non pensemos en que imos a Bruselas e que estamos nun despacho. No, estamos nun pueblo, nunhas casas que teñen este problema.

Esa é a realidade. Espero e desexo que de verdade, que sexan coherentes e que voten a favor de facer este proceso e seguir investigando. Porque ademais falan da convocación dunha comisión unha vez que nós presentamos a moción. Antes non se convocara ningunha comisión. Unha vez que presentamos a moción convocaron a comisión para o día 11. Entonces creo que está moi ben, que habería que ir a comisión, pero creo que antes hai que dar pasos. Creo que está moi ben e haberá que ir a esa comisión pero creo que antes haberá que dar pasos. E hai que solucionar os problemas que ten esta xente. E vostede sabe que o pode facer. Polo tanto, considero que deben de votar a favor de que se faga. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: eu quero coñecer a opinión de Terra Galega. O silencio é atronador. O que non pode ser é que aquí se está debatindo un tema moi importante, e os veciños non coñezan a opinión de quen os goberna, do equipo de goberno. De Terra Galega. Supoño que algunha opinión terán. O fan súa a opinión do BNG? Que lanzan ao BNG para que os defenda? Mire, este é un tema serio, vale? Eu sei que a foto coas moscas non é unha foto para o Facebook de Narón. Sei que no Facebook pois teñen que sair os deportes, teñen que saír os nenos, as moscas no. Ese problema deixémolo alí.
A competencia de Sanidade é deste concello. E sábeo Sra.alcaldesa. E pode traer todos os informes que mire, eu ven sei o que vai facer vostede. Vostede o que quere é a última palabra, claro. E despois a última palabra cando non teñamos réplica os demais quedará de boa, quedará decindo que ten uns informes dos técnicos que son supermaravillosos, que lles dan a razón. Pero mire, hai unha cousa que é certo, que é o principio da realidade. E o principio da realidade é que a xente no Val ten un problema serio.
Entón o que ten que facer é solucionalo. Mire se non funciona esto, que ogallá funcione, si non funciona, pois outra. E outra, e outra, porque eso se chama xestión. Xestión de goberno, non vimos só para facernos fotos nas celebracións. Gobernar implica tamén estar cando hai problemas. Por eso Sra.alcaldesa, gustaríame coñecer a opinión de Terra Galega para que non calen porque ese silencio é atronador.

-Sra.Ledo Díaz: vistos os argumentos que hai, e visto que tampouco é esa a solución e visto que tampouco fala o grupo de goberno, nós votamos a favor desta moción, eso si, pedímoslle a Germán Castrillón que se responsabilice, primeiro, que se non se pode realizar que recoñeza

o que sabemos; e segundo, se esa non é a solución – ogallá fose- pero non vai a ser a solución, que tamén se lle pida responsabilidades a Germán Castrillón por utilizar á veciñanza.
Pero mira, imos votar a favor por responsabilidade, non polo que están decindo aquí por favor, pero de verdade cando teñamos que seguir dando solucións hai que pedir responsabilidade.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Primeiro, imos a agradecer aos grupos que nos acompañan na oposición, que se decidan a votar a favor desta proposta. Segundo, as responsabilidades non hai ningún problema, o equipo que temos me respalda. Ademais por suerte ou por desgraza tiven responsabilidades moito maiores das que poidan ser estas, e despois que me entristece que o partido maioritario deste Pleno, que é o que goberna, non teña unhas palabras e diga algo.
Que a mi me fala a alcaldesa ao final cando é moi fácil, unha vez que falamos todos, dende aí quedar ben e contar a súa película, por non decir outra palabra, o seu relato, é moi fácil, e recoñezo que eu tamén o fixen algunha vez. Cando me correspondeu, pero bueno, pero non o fixen … porque as verdades hai que contalas, nós non estamos ocultando nada, somos transparentes, así me gustaría a min que o goberno fóra transparente como somos nós. Gustaríame que fóra así e dilixente, como fumos nós. Pero que me vote de parrafada, perdón a expresión, 5 minutos non é normal. Outra cousa é que dé un pincelazo e que pasemos a votar. Eso sería o normal.
Pero creo que vostedes, o grupo maioritario que non dixo nada nesta moción que presentamos, deberían tamén votar a favor, é dicir, temos que votar en contra do ditame. Que ninguén se confunda. En contra do ditame. Por eso é importante. Espero que o grupo maioritario teña esa reacción, sexa sensible a esta xente que está aquí, que levan 5 anos sufrindo este tema, que ninguén de nós o sufriría así, non estaríamos.
Nada máis. Agradezco unha vez máis aos grupos que nos apoiaron nesta moción porque non nos apoian a nós, están apoiando aos veciños do Val. Para solucionarlles a papeleta. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: mire unha cousa, quero decir, evidentemente xa llo dixen varias veces, poido falar ou non se considero e evidentemente ter uns minutos, 1, 2 ou 3 que teña aquí neste caso, a que preside o pleno é o máis licito deste mundo. E repito xa llo dixen nalgunha ocasión, que Dios non o queira, pero evidentemente se algún día vostede goberna levará, neste caso, o pleno como vostede considere.
A día de hoxe as eleccións consideraron que fose eu a que o fixese. Co cal deme esa oportunidade.
Como ben decía, o voto do ditame ven desfavorable, pasamos a votar.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON aprobou o ditame desfavorable** da moción transcrita:
Votos en contra:
3 Bloque Nacionalista Galego
6 Partido Popular
2 Partido Socialista de Galicia

Abstencións:
10 Terra Galega
Á vista do anterior, queda APROBADA esta moción.

14 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE NARÓN INICIE OS PROCEDEMENTOS PARA CONTAR CUN CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: "**Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

O BNG, en decembro do 2020 presentou unha moción xunto a Marcha Mundial das Mulleres que reclamaba un Centro da Información á Muller para Narón. Non o facíamos por capricho se non porque unha parte importante do CIM de Ferrol atende hoxe ás mulleres de Narón, mais, coas estatísticas na man, a maioría das naronesas que acoden ao CIM de Ferrol son menores de 45 anos e case que todas están situadas na zona urbana. Somos conscientes de que esta atención, cara as mulleres de Narón, podería ser maior e coller a todos os sectores de idade se contaramos cun espazo na nosa cidade para tal fin e nun lugar accesíbel e seguro. Un CIM pode prestar asesoramento a aquelas mulleres que o demanden, de maneira individual ou colectiva; formando parte dun grupo ou asociación de mulleres, así como a calquera persoa, en asuntos relacionados coa promoción social ou a igualdade de xénero. Narón hoxe aporta unha traballadora social ao CIM de Ferrol mais non é suficiente se temos en conta que somos a octava poboación do país e que o resto dos servizos son cubertos polo concello de Ferrol que, nos últimos anos, viu coma o servizo era máis precario ca nun inicio; feito denunciado por diferentes asociacións de mulleres.

Este ano no pleno de Narón, a partir dunha moción do Bloque Nacionalista Galego, constituíse a Mesa Local de Coordinación Interintitucional contra a violencia de xénero e, no mes de abril, asinamos na Xunta local de seguridade o protocolo de adhesión ao código VioGen para a protección das mulleres vítimas da violencia de xénero. Podemos dicir entón, que despois de catro anos sen avances significativos, no 2024 melloramos como concello nesta lacra. Non podemos conformarnos, queda moito por facer e nas nosas mans está poder seguir a avanzar para que a violencia machista sexa cousa do pasado. As propias Mesas locais de coordinación nos estatutos xerais informan de que debe estar presente nelas unha representante do CIM mais aquí non temos, polo que Narón dalgunha maneira non dispón dos recursos suficientes para atallar a violencia contra as mulleres. Ademais, a adhesión ao código VioGen é moito máis efectiva se apostamos dunha vez por un centro destas características.

É certo que para que teñan eficacia os CIM teñen que estar ben financiados, tamén pola Xunta de Galiza que leva sen aumentar as asignación a eles 14 anos mais tamén, a súa creación pode facerse con fondos ou con cargos a remanentes que temos no noso concello e optar, ao tempo, ás axudas da Xunta de Galiza. Desde logo, investir nunha sociedade máis xusta e igualitaria debe ser un fin de calquera concello.

Cun centro de información á muller Narón tería recursos de carácter permanente desde os cales articular unha intervención global dirixida ás mulleres e proporcionando asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

POR TODO ISTO SOLICITAMOS OS SEGUINTES ACORDOS:

1.- Aprobar por acordo plenario a creación dun CIM (Centro de Información á Muller) en Narón.

2.- Iniciar o procedemento e acreditación do CIM de Narón mediante solicitude á Xunta de Galiza.

3.- Instar á Xunta para que aumente as partidas actuais aos Centros da Información á Muller.

4.- Incluír nun modificado de crédito no ano 2024 a partida necesaria para a creación do Centro de Información á Muller en Narón.

5.- Iniciar contactos con outros concellos máis pequenos ao carón de Narón co fin de chegar a acordos para compartir recursos do CIM de Narón, incluso mediante convenios ou o procedemento que se considere.

Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por maioría da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 23-05-2024 (coas abstencións dos 5 membros de Tega e os votos a favor de PP -3-; BNG -2- e PSdeG-PSOE -1-), a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

EMENDA PRESENTADA POLO BNG A SÚA MOCIÓN:

Desde o Grupo Municipal do BNG de Narón propoñemos a seguinte emenda á nosa moción **na que solicitamos que se inicien os procedementos para contar cun Centro de Información á Muller.**

A nosa emenda pasaría por:

1. **Substituír o cuarto punto dos ACORDOS polo seguinte:**

"Buscar o financiamento axeitado para que o Centro de Información á Muller sexa unha realidade neste período en Narón: ben a través de modificado de crédito, a través de orzamentos e POS ou con aporte de fondos europeos e outro tipo de subvencións para tal fin".

Polo tanto **os acordos que se votan quedarían** do seguinte xeito:

1.- Aprobar por acordo plenario a creación dun CIM (Centro de Información á Muller) en Narón.

2.- Iniciar o procedemento e acreditación do CIM de Narón mediante solicitude á Xunta de Galiza.

3.- Instar á Xunta para que aumente as partidas actuais aos Centros da Información á Muller.

4.- Buscar o financiamento axeitado para que o Centro de Información á Muller sexa unha realidade neste período en Narón: ben a través de modificado de crédito, a través de orzamentos e POS ou con aporte de fondos europeos e outro tipo de subvencións para tal fin.

5.- Iniciar contactos con outros concellos máis pequenos ao carón de Narón co fin de chegar a acordos para compartir recursos do CIM de Narón, incluso mediante convenios ou o procedemento que se considere.

<u>DEBATE</u>

-Sra.Ledo Díaz: boas tardes a todas e a todos. Narón conta según os últimos datos da Xunta Local de Seguridade con 88 casos activos de mulleres vítimas de violencia de xénero, e a maioría das vítimas que aparecen contabilizadas, non quere decir que sexan todas, están en idades comprendidas entre os 18 e os 45 anos. Os agresores tamén corresponden a esa marxe de idade e unha moi grande maioría, son de nacionalidade neste caso, española.

Vou dar un número pero non un número como número, senón pensando en todas as persoas que están detrás: 7.438 son as vítimas en Galiza en todo o 2023, según os datos avanzados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Repito: 7.438 vítimas de violencia de xénero e só é a punto do iceberg. Estamos a falar de mulleres que presentaron unha denuncia. E como non só é un número, temos que decir que a violencia é unha parte que condiciona a vida das mulleres en xeral nun sistema patriarcal que o atravesa absolutamente todo. Podemos falar tamén de violencia sexual porque estímase que só, por exemplo, se coñece o 20% das agresións. Só se denuncian o 20% das agresións sexuais e poderíamos estar días falando de todo o que está a acontecer.

Pero o que viñemos aquí con esta moción é a falar de algo que xa presentamos no 2020, que daquela non puido ser que é a petición da creación dun Centro de Información á Muller, nun lugar céntrico en Narón, como pode ser o vello centro de saúde, de propiedade municipal, e que está pechado e que cremos que non só pode abrirse para facer series ou determinadas cuestións que non afectan directamente aos veciños e veciñas, porque o Centro de Información á Muller podería centrar todo o traballo das persoas técnicas a respecto da igualdade que se leva facendo neste concello de maneira transversal, porque é un lugar onde todos os consensos e todas as estatísticas, consensos por certo a nivel galego totais, permiten que os Centros de Información á Muller sexan un lugar onde as mulleres non se sintan nin vitimizadas, que se sintan con seguridade de falar e non só para loitar directamente contra esa violencia machista, persoas vítimas de violencia de xénero, non só coas vítimas, senón como un lugar, un punto de encontro de educación, de información, para facer actividades diversas e loitar todos e todas pola igualdade. Esto é algo que compete ás administracións públicas.

Dotarnos de servizos que valgan para eso. E porque sabemos que Narón agora mesmo, está no Centro de Información da Muller de Ferrol, onde maioritariamente tamén as mulleres que acuden de Narón, son menores de 45 anos e non porque as persoas maiores de 45 non sexan vítimas de violencia, senón porque ao mellor nin sequera saben os dereitos que teñen ao respecto, de acudir ao Centro de Información á Muller de Ferrol e por eso é necesario telo aquí porque, entre outras cousas, tamén todas as persoas que van ao CIM de Ferrol son mulleres do centro da zona urbana de Narón. E non é porque no rural tampouco sexa necesario. Tamén é necesario. Por eso temos que achegar os servizos. Aquí houbo consensos que non tiveron en conta, pero para pedir o DNI e que se puidera facer en Narón para pedir certas cousas, por que non un Centro de Información a Muller que atenda ás mulleres, que atenda de maneira colectiva, de maneira individual a colectivos vulnerables como pode ser LGTBQ, a homes, para loitar por esa igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, porque sabemos que o feito ata agora non chega porque creo que temos unha concelleira que sabe desta necesidade, e esperamos que esta realidade sexa efectiva canto antes no Concello de Narón.

E por eso presentamos esta moción que, no seu momento, fixémolo coa marcha mundial das mulleres e que nos piden que así se faga en Narón, a oitava poboación deste país, concello que ao redor con habitantes parecidos si teñen e si contan saber cun Centro de Información á Muller e que se pode optar a fondos europeos e a subvención da Xunta que dende aquí, por eso poñemos tamén nos acordos, pedimos que se inste á Xunta a que se aumenten esas partidas que non subiron durante todos estes anos e para conseguir entre todos e todas, un Centro de Información á Muller onde todas as mulleres poidan acudir de maneira segura, e non só nos valga de punto de encontro, para loitar agora si e sempre contra a violencia que se practica polo mero feito de ser muller.

-Sra.De Arriba Fernández: boas tardes. Grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, nós imos a votar a favor desta moción porque consideramos que un concello como Narón con casi 40.000 habitantes, debe ter un Centro de Información para a Muller.
Dende o partido socialista, sempre estaremos a favor de toda a información e de toda a axuda que sexa necesaria, para acabar con toda a lacra que é a violencia de xénero. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
O noso grupo consideramos imprescindible que Narón conte cun Centro de Información á Muller. O vimos plantexando hai tempo, ademais recollémolo no noso programa electoral, está recollido tamén un Centro de Información á Muller, que a parte dun Centro de Información á Muller, conleva moitas máis cousas. E outro tema importante para nós sería que dende aquí, dende Narón, fóra un pouco como dixen noutras ocasións, agruparse con outros concellos porque ao final a subvención que se podería conseguir sería moito maior, e teríamos a posibilidade de que practicamente os gastos de fondos propios foran nulos e creo que é algo que tamén debemos de traballar e buscar.
E a segunda parte desto é que unha vez que estamos incorporados ao Viogen, creo que o segundo paso é ter un Centro de Información á Muller.
E outro paso máis importante que creo e consideramos, ademais se ve de que o Centro de Información á Muller de Ferrol está saturado, que hai moita demanda e polo tanto, creo que Narón debe de poñerse á cabeza tendo un servicio tan importante e tan necesario no mundo e nos tempos que vivimos. E por eso é o motivo polo que nós votaremos a favor e alégrame de que dende o partido do Bloque Nacionalista Galego se pense no antigo centro de saúde como pensabamos nós, que sería o sitio ideal para estar ese Centro de Información á Muller. Nada máis e moitas grazas.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

15 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL NO LITORAL NA ZONA DO COUTO.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:**"O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina,** en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**
RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL NO LITORAL NA ZONA DO COUTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro de 2023, o grupo municipal do Partido Popular presentou una moción titulada *"Abrir Narón á ría"* que foi aprobada pero, a data de hoxe, logo de ter transcorrido un período de tempo bastante considerable, o goberno local non ten tomado medida algunha respecto do instado naquel documento.

A actuación presentada constituía una magnífica oportunidade para devolverlle á zona marítima do litoral do Concello parte da súa riqueza perdida, tanto no referido á vexetación como a nivel paisaxístico e, non menos importante, serviría para pórlle remedio á degradación que se ten producido ao longo do tempo.

Dende este grupo consideramos necesario, dentro das posibilidades legais das que se dispón, que o Concello dea os pasos precisos para adquirir o patrimonio daqueles propietarios da zona que estean dispostos a doar terreos na zona litoral no (Monte do Couto). Consideramos que é importante tomar medidas posto que, dunha banda, parte deses terreos están abandonados e, doutra, co paso do tempo aos propietarios seralles cada vez máis difícil localizar as súas propiedades que, en moitos casos, xa na actualidade poden carecer de valor para a explotación privada, situación que se vería agravada no caso de que eses terreos se vaian transmitindo de xeración en xeración, xa que, na meirande parte dos casos, os diferentes herdeiros terían maiores dificultades para localizar esas propiedades.

Aparte dos beneficios para a veciñanza, ligados á rexeneración da zona e a dotación de novas infraestruturas, serviría para poder eliminar especies arbóreas tales como eucaliptos ou piñeiros e substituílas por especies autóctonas e reforzar as masas vexetais propias do bosque atlántico galego, das que dependen a reprodución da fauna ou a riqueza do chan. Todo iso, sen afectar as formacións de árbores nativas (freixos, bidueiros, salgueiros, carballos,...), permitiría devolverlle a estas especies o seu valor como reguladoras do chan e aliadas para combater as consecuencias do cambio climático. Convén non esquecer que son as árbores nativas as especies que sosteñen a biodiversidade, a fauna e protexen e enriquecen o chan, dándolle fertilidade, ademais de posuír un importante valor paisaxístico.

Unha axeitada planificación da xestión dos espazos dende o respecto ao ecosistema co propósito de preservar a biodiversidade e facilitar a recuperación e expansión de zonas verdes e bosques autóctonos para mellorar a contorna da ría, da ribeira e das zonas de paso é unha ferramenta vital para o desenvolvemento sostible do territorio. Por ese motivo, dende o grupo municipal do Partido Popular apostamos por crear unha infraestrutura verde que aporte riqueza ao concello e á cidadanía.

ACORDOS

1 Instar ao goberno de Narón á localización dos propietarios das parcelas na contorna do monte do Couto para negociar a súa doazón ao concello.

2 Instar ao goberno de Narón a pór en valor toda a zona litoral para dar valor ao Camiño de Santiago, ao Camiño de San Andrés e ao conxunto patrimonial que rodea o Mosteiro do Couto ea súa contorna.
Narón, 20 de maio de 2024
Germán Castrillón Permuy

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos favorables dos portavoces de PP, BNG e PSdeG-PSOE; e as abstencións dos representantes de TEGA) da Xunta de portavoces de data 27-05-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, nós presentamos esta moción porque no mes de outubro de 2023, o grupo municipal do Partido Popular presentou una moción titulada *"Abrir Narón á Ría"* que foi aprobada; entonces bueno, consideramos que é necesario que se actúe, polo tanto, hai unha parte que é na zona do Couto, que hai propietarios que teñen parcelas que están dispostos a cedelas ao municipio, ao concello e polo tanto, creo que dende o concello non se debe desaproveitar esa

oportunidade para seguir enriquecendo o entorno e polo tanto, sempre que sexa donado, creo que non debemos de facerlles un feo que ademais xa dende o ano 2020 se puxeron en contacto co concello para facer esa cesión. E creo que ademais hai máis propietarios que estarían dispostos a facer tamén algunha cesión máis, e como viña vinculada a nosa moción que presentamos en outubro para ese tema, bueno, pois creo que recuperar ese entorno sería o interesante e necesario para que Narón se abra á Ría. Nada máis e moitas grazas.

-Sra. Ledo Díaz: grazas Sra.alcaldesa.
Nós imos votar a favor desta moción porque cremos que mellora o espazo público e que é unha teima do Bloque Nacionalista Galego e cremos que eso é moi importante, que se ten en conta tamén tal e como se recolle no plan de mobilidade de Narón, e especialmente tamén a liña de costas e xa dende aquí aproveitando que hai eleccións europeas e que afectan a Narón, en grande medida porque ten que ser rexenerada, pedimos aquí ao Partido Popular, que ten unha maioría no Parlamento Europeo, para que avogue pola rexeneración da Ría, como defende o Bloque Nacionalista Galego e como xa conseguíu no Burgo e imos conseguir neste período coa de Ferrol, pero cantas máis mellor e que mellor que facer dese paseo eso.
Tamén nos preguntamos se todos os veciños e veciñas queren ceder as súas terras, como se pide aquí. Eso haberá que consultalo e saber se é posible. E se non nas que si sexa posible pois que se aplique o que aparece nesa moción. Eso sí. Bueno, nos parece ben que o Partido Popular pida cesión.. ao público, a propiedade privada para determinadas cousas, que se conte se os veciños e veciñas queren facer esa cesión desas terras tendo en conta que é propiedade deles, e está na liña de costas e coa rexeneración da Ría, seguro que aumentan o seu valor.

-Sr.Castrillón Permuy: simplemente para acreditar o que dixen que é certo Sra. Olaia, presentaron por Rexistro un documento con nome e apelidos, e están dispostos a ceder. Polo tanto, creo que antes que pase a outros herdeiros que despois se perderá ese vínculo. Nada máis. Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por marioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:
Votos a favor:
3 Bloque Nacionalista Galego
6 Partido Popular
2 Partido Socialista de Galicia

Abstencións:
10 Terra Galega

16 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE A CONCELLEIRA DE DEPORTES CONVOQUE Á PRIMEIRA XUNTA DE PADROADO DO MANDATO E UNHA ASEMBLEA DE ENTIDADES .. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: "**Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

O concello de Narón é exemplo no deporte. Éo porque desde o deporte de base até o de elite son múltiples as categorías e modalidades que existen no noso concello: desde os deportes de mar coma o remo ou piragüismo, pasando polo atletismo ou tenis de mesa e todas as modalidades de deportes colectivos e individuais; por isto se creou a figura do Padroado de Deportes; unha figura que, a diferenza do padroado da cultura non ten un orzamento propio e é parte da concellería de deportes para que sexa un lugar de escoita e debate. É preciso falar da situación das instalacións; de porque hai partes dos pavillóns que non se permiten usar; por que se lles nega as ANPAS usos de pavillóns dependendo da actividade cando antes non era así; a situación laboral de persoal que traballa nas instalacións deportivas; sobre a igualdade no deporte ou cal é o criterio de mudanzas de espazos públicos a entidades. É necesario reunirse para colaborar e que todas as prácticas deportivas en Narón se tomen con importancia e en igualdade de condicións tendo en conta que, as persoas técnicas e directivas dos diferentes clubs e entidades realizan, na meirande parte dos casos, un traballo desinteresado e fundamental para que nenos, nenas e persoas adultas poidan practicar deporte e facer de Narón un concello máis saudábel e activo.

Este ano e por todos estes motivos o BNG pediu por rexistro e tamén en preguntas plenarias (que constan nas actas) que fose convocada a primeira xuntanza para que o instrumento deste padroado non fose só un logo e unha arma propagandística máis se non un punto de encontro e traballo.

Non podemos demorar máis, é responsabilidade do concello mudar esta situación. Por iso, parécenos importante que antes do inicio do verán estea convocada para poder falar das necesidades dos clubs previa á planificación da temporada 24-25 que daría inicio en setembro.

Por último, parécenos importante salientar que, como reclamamos cando se aprobaron os estatutos do padroado, seguimos crendo e defendendo que é necesario crear unha asemblea de entidades con presenza municipal onde todas as partes interesadas poidan falar e opinar das necesidades e non como agora, onde só queda representada unha pequena parte. Esta asemblea pode e debe convocarse se hai vontade política e para facer un exercicio democrático e de aposta pola participación.

Por todo isto, solicitamos os seguintes acordos:

1. Convocar no prazo de 10 días desde as eleccións convocadas a Xunta de padroado de Deportes
2. Crear unha asemblea de clubs, entidades e asociacións deportivas do conxunto de Narón para os meses de setembro-outubro.

Asdo. Olaia Ledo Díaz

Portavoz municipal BNG de Narón

E visto o ditame favorable por maioría cos votos en contra dos representantes de TEGA -2-; e os votos a favor dos/das portavoces de PP, BNG e PSdeG-PSOE) da Xunta de portavoces de data 27-05-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sra. Ledo Díaz: ben, esto baseámolo en varios puntos. Por un lado consideramos que un ano é moita demora para convocar a Xunta de Padroado de Deportes onde todas as entidades deberan de falar en igualdade. É verdade que se nos explicou que era porque non estaban constituídas este ano todas as asociacións, ou para saber cales ían a quedar, pero eso sí que se fixo do Padroado de Cultura e se permitiu con asociacións e entidades que o ano pasado estaban dadas de alta no Rexistro do concello.

Por que no de Cultura e non no de Deportes? Porque non ten asignación económica Deportes? Non o sei. De todas maneiras, aí non me vou meter. Sí que creo que se debería convocar con anterioridade. Esta moción fixémola para que si que se convocaran estas eleccións, puidemos comprobar que en Xunta de Goberno, unha vez presentada esta moción había uns prazos, hoxe se nos deu a información destes prazos, as eleccións serían o 21 de xuño; sí que quero decir que si non se fan públicas de maneira axeitada, se non se fomenta esa participación, esa Xunta de Padroado a final é algo endogámico e que non vale, non vou a decir caciquil porque non están convocadas, entendo que nin sequera se quere facer caso ao Padroado de Deportes, que consta dun regulamento que, por certo, no seu momento o Bloque Nacionalista Galego non votou a favor, quedamos os únicos porque nós pedíamos unha serie de cousas que non se recolleron, entre elas un técnico deportivo, o unha asemblea de entidades e por eso o segundo punto, pedimos que se faga, non para que haxa un …para que se convoque cada 6 meses, se non por vontade política se faga unha asemblea de entidades abertas a todos os clubes e asociacións deportivas, incluso a ANPA se fan prácticas deportivas en pavillóns para falar de moitísimas cousas, para ser unha recollida de propostas como se fai noutros ámbitos, como hai consellos de participación tamén se faga no Deporte; porque hoxe Narón no deporte é marca grazas ao traballo de persoas directivas de asociacións e entidades, de entrenadores, que casi sempre o fan de maneira altruista e sen recibir asignacións económicas, fan todo ese traballo e cremos que é necesario ese proceso de escoita. Por outra banda, tamén que se explique a necesidade de cambios de subvencións, no no concello senón doutras administracións e que haxa ese asesoramento, e pola outra banda tamén unha asemblea de entidades para que todo o mundo poida coñecer a situación, para que non se crean cousas como que nos digan dende o clube de atletismo que por fin, despois de anos pedindo aquí neste pleno que se homologuen as pistas de atletismo, e se nos diga que non teñen coñecemento dese proxecto de homologación cando é o propio clube de atletismo que practica deporte en Río Seco, quen pode coñecer perfectamente eso e que poida incidir en como facer … sei que aquí se me vai decir se é verdade, se é mentira, esa é a información que se nos deu. Igual que se nos dixo no seu momento nunha moción aquí, que nós coñecíamos un proxecto integral para Río Seco. Nolo dixo o concelleiro de Deportes e nós lle dixemos que eso era mentira e el nos dixo si,si,… tamén dende a mesa presidencial do Pleno se nos dixo que o sabíamos; e resulta que no POS se nos di que vai a ir ese proxecto integral e resulta que non vos deu tempo a facer e seguimos un proxecto integral a Río Seco e chupando fondos, para aparcadoiros, para parches, para parches que non vale para nada.

Cremos que en Narón é necesario que todas as persoas que practican deporte teñan un lugar e un espazo para poñer dúbidas, para facer preguntas, cremos que é importante que a Xunta, que xa vai cun ano de retraso, e creo que con vontade política, a asamblea de entidades é máis necesaria que nunca porque escoitando ao que sucede nalgunhas situacións, ou como se fan as cesións de pavillóns deportivos, etc.etc. é necesario que todos e todas poidan falar en igualdade de condicións e que non saiban as cousas a posteriori como ás veces tamén acontece.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Outra vez máis parece que hai unha reacción por parte de Terra Galega frente a unha moción que se presenta dende a oposición. Se antes foi o Partido Popular coa moción das moscal do Val, e posterior convocatoria da comisión, pois agora nesta acontece o mesmo. Se presenta unha moción para que se convoque a xuntanza da Xunta do Padroado e o que fai o equipo de goberno é convocala xa. Se algo bo fai a oposición ou, neste caso, Terra Galega está descubrindo que non ten maioría.
E descubre que agora mesmo ten que gobernar e ten que falar, e agora é cando se evidencia a falta de xestión do goberno de Terra Galega.
Mire Sra.alcaldesa, neste caso a acta da Xunta de Goberno Local, que por certo nos foi entregada hoxe, di que o concelleiro delegado lle comunicou cunha Resolución da Alcaldía do 22-06-2023 a convocatoria da Xunta do Padroado, das eleccións. Hai un ano eh. Por que non nos interesa convocar a Xunta do Padraoado? Por que non nos interesa coñecer a problemática dos deportes como xa puxemos de manifesto aquí, noutras moitas mocións, que trouxo incluso o partido socialista? Como anticipar neste caso os convenios. Que medo lle temos a que a xente opine e fale? Témoslle medo a que a xente se poida expresar? No, dende o partido socialista no. E o que quere é que a xente opine e que debata e que se chegue a un consenso. Porque o que non pode acontecer Sra.alcaldesa, é que o noso equipo de balonmán se vexa obrigado a ter que ceder unha hora o seu entrenamento nas pistas do pavillón da Gándara para irse a Piñeiros, a unha pista que por certo, non reúne as condicións necesarias e que por culpa de que esas pistas non reúnen as condicións necesarias, un neno rompeu o cúbito nunha caída. Si,si, qué pena, vaia por Dios. Vexo que lle doi Sra.alcaldesa. Vexo que lle doi, pero o que ten que facer é poñer a todos de acordo. Non poña esa cara , si, supoño que si Sra.alcaldesa. E se quere temos o debate, temos o debate encantado. É a realidade. É a triste realidade.
Entón nós imos a apoiar como non cabe doutra maneira esta moción. É máis, incluso o BNG e tamen máis adiante se falará dun técnico municipal de Deportes que tamén é necesario no Concello de Narón, e polo tanto, pouco a pouco Narón vai avanzando.Moitas grazas.

-Sr.Portela Parga: Buenas tardes, muchas gracias.
El Padroado de Deportes no tiene partida económica. El concello de Narón se gasta 3 millones de euros en Deportes, según los últimos presupuestos aprobados gracias a la responsabilidad política. Tenemos un órgano como el Padroado de Deportes que debía de ser un punto de encuentro de clubs deportivos del concello que puedan ser escuchados y a través del cual todas las modalidades deportivas puedan poner en común sus realidades y necesidades.
Además a través del Padroado se les pueda dar soporte administrativo muy demandado por muchas entidades. En esta moción también creemos que debería de estar incluída la figura del técnico deportivo, no le interesaba a TEGA convocar la Junta del Padroado de Deportes porque el problema radica que el tema deportivo para el Concello de Narón es un tema propagandístico, meramente político, del cual obtener votos y seguidores, de ahí que los 3 millones del presupuesto del Concello de Narón sean un gasto y no una inversión.

Por lo tanto, es necesario el Padroado de Deportes, pero es más necesaria la transparencia en su gestión y en su formación; está claro que queremos que empiece o que empiece a funcionar lo antes posible, de hecho creemos que en setiembre, octubre ya está. Gracias.

-Sra.alcaldesa: só por emendar o que dixeches Jorge.Creo que non sei se fuxes quen de ler, se che pasaron o que puxen; realmente o outro día dixemos cal eran esas datas e estaba convocada previamente. E hoxe simplemente as trasladei.
E só correxirche nunha cousa. Non se convoca a xunta do Padroado nin no que che pasei hoxe nin nada; é dicir, o que se convocan son as eleccións. Entendo que non sabes cal é o criterio, quero decir, unha confusión pero por aclarala.
Pasamos a votar.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:
Votos a favor:
6 Partido Popular
3 Bloque Nacionalista Galego
2 Partido Socialista de Galicia

Votos en contra:
10 Terra Galega

17º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TERRA GALEGA PARA A MELLORA DA ASISTENCIA SANITARIA EN MATERIA DE SAÚDE MENTAL.-
Lida polo secretario xeral a moción que di así: "O Grupo Municipal de Terra Galega do Concello de Narón, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
A saúde mental é unha área fundamental para o desenvolvemento dunha sociedade sana, mais, pola contra, segue a ser a grande esquecida no sistema sanitario público galego.
Tanto as unidades de saúde mental do SERGAS, como os servizos de atención psicolóxica doutros organismo como poden ser os Centros de Información á Muller que ofrecen este servizo a mulleres vítimas de violencia machista, están completamente saturados, con longas listas de espera e, polo tanto, cunha atención deficiente.
No caso concreto da nosa bisbarra, as carencias neste ámbito son especialmente graves, xa que as unidades de saúde mental arrastran un déficit de persoal, se cadra, aínda maior ca outras servizos médicos. Así mesmo, no CIM de Ferrol que da servicio ás mulleres vítimas de malos tratos da bisbarra, o servizo que amosa un maior colapso é, é precisamente, o de atención psicolóxica.
Consideramos que a saúde mental debe ser unha prioridade no sistema sanitario galego, para dar unha resposta adecuada a situacións cada vez máis frecuentes na nosa sociedade como trastornos de ansiedade, prevención do suicidio, asistencia en casos de violencia machista etc...
Polo exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega propón ao Concello Pleno a aprobacións dos seguintes acordos:

1 – Instar aos Servizo Galego de Saúde aumentar os ratios de profesionais nas unidades de saúde mental para garantir unha asistencia de calidade reducindo as listas de espera e a frecuencia nas consultas para dar unha mellor atención a casos de especial vulnerabilidade como os relacionados coa violencia machista ou a prevención do suicidio.

2 – Instar ao SERGAS a implementar programas de formación para o persoal sanitario tanto de atención primaria como das unidades de saúde mental en materia de xénero, con especial atención as vítimas de violencia machista co fin de descolapsar o servizo de atención psicolóxica dos CIM.
3 – Dar traslado destes acordos á Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol, á dirección do Sergas, á Consellería de Sanidade e aos grupos do Parlamento Galego.
Narón, 22 de maio de 2024.

Román Romero Franco
Voceiro de TEGA

E visto o ditame favorable por maioría (coa abstención do portavoz do PP e os votos a favor dos membros de Tega -2-; BNG e PSdeG-PSOE) da Xunta de portavoces de data 27-05-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Lorenzo Tojeiro: boa tarde a todos e a todas. Grazas alcaldesa.
O equipo de goberno implícase e comprométese sempre a contribuir na mellora no sistema de saúde: non hai tanto que se apoiou aquí á plataforma pola defensa da Sanidade Pública. Nese contexto, hoxe diriximos o foco cara a atención en materia de saúde mental. Un área fundamental para o desenvolvemento dunha sociedade sana, acerca do que o concello leva traballando no tempo; proba deso é o programa de saúde mental, unha guía de recursos na área de saúde mental na anterior lexislatura, as charlas divulgativas, a exposición itinerante e seguimos nesa liña.
A atención da saúde mental debe ser unha prioridade no sistema sanitario público galego para dar resposta adecuada ás situacións cada vez máis frecuentes na sociedade actual, como poden ser a prevalencia dos suicidios, autolesións en poboación adolescente, depresión, dificultades de afrontamento, e tamén atención aos grupos de trastorno mental grave; así como o incesante incremento de mulleres vítimas de violencia machista.
Tanto as consultas externas do servicio de Psiquiatría do Sergas da nosa área sanitaria como o servicio de atención psicolóxica doutros organismos, como pode ser o CIM, que ofrecen ese servizo a estas mulleres vítimas da violencia machista atópanse saturados como falabamos agora.
Longas listas de espera que a pesar do esforzo dos profesionais nalgúns casos, nas nosas unidades de saúde mental, da área sanitaria, son listas de ata meses de atención, para unha consulta de primeira consulta con carácter ordinario e cando se trata de revisións nalgunha ocasión 2 meses entre citas, chegando a convertirse, nalgunha ocasión, ata 6.
Por todo o exposto, o grupo municipal de Terra Galega propón ao pleno do concello a aprobación dos acordos que constan nesta moción, os cales pretenden mellorar a calidade asistencial, reducir as listas de espera e mellorar a detección e abordaxe de mulleres vítimas de violencia machista a través da formación e da capacitación do persoal sanitario, tanto na atención primaria como na atención especializada na área de saúde mental. Todo esto, vai en detrimento da mellora ou incorporación de novos dispositivos de atención sanitarios ou atención a mulleres vítimas de violencia. Grazas.

-Sra. Ledo Díaz: ben, creo que é moi importante esta moción, e que é moi importante falar de saúde mental e de que se poñan sobre a mesa todos os recursos para que todo o mundo poida estar atendido a respecto dun problema cada vez maior. Dou un dato, de noticias do Faro de Vigo, da Ser, Galiza lidera o consumo de antidepresivos do estado español. E dende a Covid aumentaron casi o 50% a media estatal en ansiolíticos, e máis de 200.000 persoas do noso país en Galiza, consumen diariamente Trankimazin, somníferos e moitísimas outras cousas.
Pero dou outro dato: a maioría de consumo de antidepresivos dase entre a clase traballadora e eso entre outras cousas, é porque non hai os recursos suficientes na pública para mantelo, e aí temos que alarmar porque o Sergas non está a facer o seu traballo.
E dou outro dato: en Galiza temos como media 3,5 psicólogos/as clínicas por cada 100.000 habitantes. Cando no conxunto do estado español a media sube a máis de 5 e na Unión Europea a 18 psicólogos clínicos por cada 100.000 habitantes. Aquí menos eh, hai 1 psicólogo clínico nun concello de 40.000 habitantes. Necesitaríamos uns 130.000 para decir que temos eses 3,5; estamos peor que a media galega , cando é Narón o concello a unidade de saúde mental de Ferrol máis intervencións ten en porcentaxe. Volvemos ao que contabamos antes entre outras cousas, se di que é porque é o concello onde a poboación é media de idade máis nova. É porque as persoas maiores, ou chegada unha idade, non necesitamos desas atencións e non necesitan desas atencións? No. É porque as persoas novas son máis conscientes a día de hoxe por unhas determinadas causas, que eso acontece. Pero é que se imos á xuventude, os datos son dramáticos no noso país.
Somos das 5 comunidades autónomas con maior número de suicidios; e non nos vale o que se nos chegou a decir, que é porque aquí chove moito e o clima e bla, bla, bla. Paréceme unha auténtica vergoña, porque en Euskadi chove moito máis que aquí e o número de sucicidios é ínfimo con respecto ao de Galicia.
Sabedes o que pasa? Que a saúde mental afecta porque se non tes para pagar a hipoteca porque a subiron, tes un problema de… eso aféctache a túa saúde mental. Se non tes para dar de comer aos teus fillos ou poñer a calefacción en inverno para quentalos, porque tes que gastar nesa hipoteca que sube cada vez máis mentres a rescatan os bancos, partido popular, partido socialista, afecta á nosa saúde mental. Porque se non podes atender a unha persoa dependente porque tes un traballo e tes que deixar o teu traballo para coidar a unha persoa familiar tamén afecta á nosa saúde mental.
Por eso é necesario reforzar os Servicios Sociais e por eso é necesario reforzar no Sergas a Psicoloxía clínica para que non todo sexa darlle á clase traballadora ansiolíticos e antidepresivos. Esa é a diferenza en moitos países, e esa é a diferenza que está a acontecer en Galiza. Os recortes unha e outra vez drásticos que se dan a respecto desto e onde a xente nova decía a xuventude, é moi vulnerable. Onde cada vez máis hai suicidios e os suicidios son mortes que deberían ser…. Son mortes evitables. Prodúcense por situacións que non se deberán de dar porque igual que temos todos dereito á vida, tamén temos dereito a quitárnola, pero se producen por situacións moi graves que poderían solucionarse.
E é verdade que a atención primaria é primordial neso pero tamén é verdade que os nosos facultativos non dan a basto. É importante ter o que falabamos antes, un Servizo de Axuda no Fogar de maneira clara. Un CIM que preste todos os servizos e que non sexan recortados, é importante que ao fin e ao cabo facer que a sociedade e o benestar sexa igual para todos e todas.
Para eso está a transformación da realidade, para eso está a política, para eso está, para poder mudar as cousas; repetímolo moitas veces, pero é verdade.
Nós o BNG non estamos para poñer unha farola mellor ca outra. Estamos para defender os dereitos de todos e todas e aquí a respecto da saúde mental, é algo que como sociedade nos

temos que implicar e esixirlle á Xunta de Galicia que non faga a súa deixadez de funcións porque a maioría deste país, a maioría deste país é clase traballadora, é clase media e necesita de servizos públicos que garantan o noso benestar. Porque senón estaremos fallando todos e todas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, referente a esta moción que presentou TEGA vexo que imos camiñando en boa dirección, porque ao final tamén creo que estades a favor de que exista un Centro de Información á Muller en Narón, e eso quere decir que parte deste problema que temos que podemos solventalo tamén co Centro de información á Muller.
Nós tiñamos pensado absternos, pero con ese motivo, con eso nós imos a votar a favor desta moción e consideramos que hai un conselleiro novo, hai un conselleiro que está facendo cambios e que ademáis vai crear unha área para saúde mental e que ademáis, o plan que había pos covid 2020-2024, pois dende a Xunta de Galicia se cubriron todas as prazas que estaban dispoñibles e eso quere decir que se fixo un traballo.
É dicir: sabemos que non é suficiente? Si, e que hai que seguir avanzando? Pois claro que si, en todo hai que seguir avanzando e hai que seguir mellorando, e este é un caso dos que hai que mellorar pero tamén ben é certo que non deixamos de recoñecer de que hai un traballo de fondo e que hai escasez de médicos, psiquiatras e psicólogos e por riba, dende Madrid que son aí socios de Olaia, que tanto critica, pois que non nos dan as prazas que estamos pedindo dende Galicia. Porque dende Galicia se está pedindo e se está intentando que haiba máis prazas.
Polo tanto, estos son temas importantes e temas da sociedade que temos que estar de acordo, que temos que traballar todos na boa dirección para que as cousas melloren e para que a quen lle corresponda nesta ocasión, pois ao novo conselleiro, pois que se poña as pilas e que traballe na boa dirección para que esto funcione. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: realmente si que tivo oportunidade ese conselleiro porque hai 2 días levamos unha proposta o Bloque Nacionalista Galego para reclamar máis profesionais do Sergas para mellorar a situación da saúde mental e tamén nos centrabamos na parte da mocidade galega, entonces ao mellor deberíamos antes de decir cousas, valorar esto porque repito eh, podes miralo agora nas noticias, hai 2 días levamos esto ao Parlamento Galego e explicamos a situación, porque sabemos que a situación é dramática.
Ogallá, ogallá que se mellore e non só é necesario médicos de atención primaria senón, repito, Psicólogos /as clínicas; estamos por debaixo da media do estado e somos os que máis ansiolíticos, etc… consumimos porque algo nos teñen que dar mentres que non hai psicólogos e psicólogas clínicas e o que vemos é que a Xunta do Partido Popular que por certo, en Narón non tería maioría absoluta, algo lles dixeron os veciños e veciñas, debían de entender eso nas galegas que nin está nin se lle espera. E a xente se ve na obriga de acudir á privada e claro, non pode pagalo. Ese é o problema. Que está a acontecer agora*? (unha señora do público interrumpe para dar a súa opinión respecto a esto).*

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

18 º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.. –

18.1- <u>MOCIÓN PSdeG-PSOE RECLAMANDO A CONSTRUCCIÓN URXENTE DUN PARQUE INFANTIL E UNHA PISTA MULTIDEPORTE NO ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL DE AS ACEÑAS</u>

Lida polo secretario xeral a moción que di así: "O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal en substitución da súa moción denominada "A APERTURA DUN PROCESO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O REMATE DA OBRA HUMANIZACIÓN DA RÚA SOLAINA", para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

"Do grupo do PSdG-PSOE reclamando a "CONSTRUCIÓN URXENTE DUN PARQUE INFANTIL E UNHA PISTA MULTIDEPORTE NO ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL DE AS ACEÑAS".

EXPOSICION DE MOTIVOS:

A entidade veciñal de Piñeiros ven de achegar ó Concello unha petición con máis de 250 firmas, para a instalación dun Parque Infantil e unha Pista Multideporte no antigo Campo de Fútbol de las Aceñas, situado no Ponto.

Polos vecinos e veciñas se pon de manifesto ca súa instalación é esenciais para o benestar e desenvolvemento dos nosos nenos e nenas, afectando a un gran numero de poboación moza que vive no barrio de Piñeiros e o Ponto.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ao goberno municipal á construción urxente dun parque infantil e unha pista multideporte no antigo campo de fútbol de As Aceñas, adoptando as medidas legais e orzamentarias pertinentes para tal fin.

Narón a 23 de maio de 2024.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

Voceira do PSdG-PSOE"

<u>VOTACIÓN DA URXENCIA.-</u> O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a urxencia de tratar a moción transcrita.

<u>DEBATE</u>

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. A verdade é que tiñamos outra moción preparada, outra que íamos a traer pero en canto a entidade veciñal de Piñeiros presentou por Rexistro unha solicitude con 250 firmas dunha cuestión que xa eramos coñecedores porque así xa nolo trasladaran, eramos conscientes de que había unha petición que facía a veciñanza, neste caso, de Piñeiros, o Ponto, xa dende lonxe, dende hai tempo, e consideramos que era prioritaria.

A nosa moción é simplemente facernos eco da solicitude que fai a entidade veciñal de Piñeiros. Acompañando esa solicitude presenta 250 firmas, o que é bastante significativo, tratándose neste caso, unha petición para dar cobertura aos servizos aos nenos e nenas. Consideramos que é prioritaria e urxente, temos o verán aí, incluso xa teríamos o proxecto feito porque de igual maneira que se fixo no Alto e se fixo na Gándara, pistas multideporte, por certo, se pode decir que eu persoalmente non estou conforme con ese proxecto, me gustaría outro proxecto que non tivese esa moqueta; pero bueno, aínda así necesitamos unha zona multideporte, un parque infantil ubicado no antigo campo de fútbol neste caso, cerca do muíño das Aceñas.
Polo tanto, eu o que lle pido e lle pido ao resto de forzas é que votemos a favor, que sexa unha realidade esta petición que están facendo estes veciños e veciñas e que os nosos nenos e nenas desa zona, por fin poidan ter un parque de xogos e unha pista multideporte.

-Sra.Ledo Díaz: ben, recollemos esa demanda veciñal. É certo que nós xa recolleramos (non estaba Ulla), no anterior período esta petición. Dixerásenos que se ía facer con fondos o do parque infantil e o de tal.. entonces bueno, parécenos ben incluso que retirarades unha moción, vos que podíades presentar outra e que se atenda algo que é verdade, que no barrio de Piñeiros se leva reclamando hai tempo.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, estamos de acordo en esta moción porque ademáis en novembro do ano 2020, o noso grupo presentara unha moción para un parque infantil dese entorno do Couto con espazos verdes, zonas de descanso con bancos e mesas, partes de sombra e un área de xogos para os máis pequenos.
Vostedes nos votaron en contra porque querían facer un bowl, e máis o skate park que agora mesmo está sen uso e con deficiencias nas obras. Polo tanto, esperemos e desexamos que tomen nota do que presentou a asociación de veciños, e que faigan un proxecto e que o presenten para facelo.
E dunha vez por todas que se reparen e que se poidan utilizar as obras que se fixeron alí, é dicir, houbo unha inversión de máis de 433.000 euros e que actualmente o bowl non se pode estar utilizando porque hai un defecto de construcción importante.
Creo que sería moi necesario como dixen antes cando falamos do tema do extraxudicial de crédito, máis da subvención que tivemos que renunciar creo que hai un problema e ese problema teñen que solucionalo dende o goberno. O que non podemos é estar facendo obras que todas quedan con defectos e que bueno, e que esos defectos ao final non se den solucionado.
Que queden nun mal uso e este é un caso desos nese entorno e nesa parcela onde se está falando agora, para poñer outro parque infantil.
Pola nosa parte nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: nos poden decir moitas cousas pero de cambiar o criterio e de populismo no. Nós nos presentamos cun programa electoral, cunha actuación concreta para esa zona, e dende logo como a cidadanía decidiu que foramos nós, pois así queremos seguir facendo. Temos unha idea clara do que queremos facer e nos diferentes parques e nos diferentes espazos que temos en Narón, nese espazo apostamos por infraestructuras que den cabida non só a un rango de idade determinado senón que ampliemos o rango de idade que todo o mundo poida facer uso das instalacións, incluso a variación tamén, para poder facer diferentes actividades non sólo limitadas as que creo que xa temos abundancia de parques similares en todo Narón, incluso preto desa mesma zona.

Polo tanto, favorecer esa práctica lúdica e deportiva a todo rango de idade e por eso seguimos apostando querendo levar a cabo o noso programa electoral, por eso imos a votar en contra. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
O programa electoral co que se presentou Terra Galega sí é certo foi o que máis votos ten pero non goberna en maioría. Simplemente está gobernando por imperio da lei, porque a lei prevé que a forza maioritaria que non acade todos os apoios no pleno de organización de investidura, pois neste caso é o que goberna. É dicir, simplemente por unha cuestión de que teña máis votos pero non máis votos dos representantes do pobo de Narón.
Polo tanto, eso o que lle implica é que Terra Galega ten que sentarse a negociar coas outras forzas que representan ao conxunto do pobo de Narón. E se o conxunto do pobo de Narón se quere facer eco dunha reivindicación dunha asociación de veciños que considera xusto e que considera máis necesaria, pois neste caso, o goberno de Terra Galega o que terá que ir é coa maioría do pobo de Narón.
Polo tanto, eu o que lle digo é que reconsidere Terra Galega o seu posicionamento porque o seu posicionamento, o que nos levou precisamente ese cumplimento dese programa electoral foi a unha chapuza, como así llo dixen no seu día, a unha chapuza do bowl, e se non, Sra.alcaldesa, corríxame.
